



SESION ORDINARIA DE 25 DE NOVIEMBRE DE 2025

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Daniel García Fernández
D. Antonio Ameijide Osorio
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Angel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a Iria Castro Fernández
D. Carlos López López
D. Javier Varela Pérez
D. Armando Castosa Alvariño
D^a. María Sol Morandeira Morandeira
D. Francisco Cajoto Caserío
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José María Fernández Vázquez
D. Clemente Iglesias González
D. Luis Fernández Guitián
D^a. María del Carmen López Moreno
D. Héctor Manuel Corujo González

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e cinco de novembro de dous mil vinte e cinco**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Página	1/70	

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRINTA DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta de setembro de dous mil vinte e cinco, e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251125&punto=1>

2.-DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO “DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES”.

Logo de ver a Declaración Institucional da Deputación de Lugo polo Día Internacional da eliminación da violencia contra as mulleres, que foi consensuada por tódolos Grupos en Xunta de Voceiros, e que textualmente di o seguinte:

“Dende o rexeitamento e condena unánime á violencia machista que sofren as mulleres, o municipalismo galego conmemora este 25 de novembro lembrando ás tres irmás activistas da República Dominicana, asasinadas e inspiradoras desta data internacional. Facémolo nas portas da nosa Deputación, pero tamén nas rúas, nas prazas, nos centros educativos e nos lugares de traballo.

Desde a Deputación Provincial de Lugo somos conscientes da urxencia de erradicar unha violencia que continúa a ser estrutural na nosa sociedade. Reafirmamos o noso compromiso firme e irrenunciable para poñer fin á violencia contra as mulleres.

Como recolle o Convenio do Consello de Europa —Convenio de Istambul—, “a natureza estrutural da violencia contra as mulleres está baseada no xénero, e constitúe un dos mecanismos polos que se mantén ás mulleres nunha posición de subordinación respecto dos homes”. Este ano cúmprense 30 anos da IV Conferencia Mundial sobre a Muller (Pekín, 1995), un fito histórico na defensa da igualdade. Alí, 30.000 persoas e representantes de 189 gobernos afirmaron que a violencia de xénero nace de pautas culturais que perpetúan a inferioridade das mulleres e que a súa erradicación é esencial para a igualdade, o desenvolvemento e a paz.

En 2025, 32 mulleres foron asasinadas no Estado polas súas parellas, dúas delas en Galicia. Ademais, tres menores foron asasinados en contextos de violencia de xénero, sumando xa 65 dende 2003. O último informe do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial advirte dun incremento do 5 % nas denuncias en Galicia respecto ao ano anterior.

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	2/70	



Por todo isto, hoxe e cada día do ano, a Deputación Provincial de Lugo manifesta a súa máis rotunda condena ante todas as formas de violencia contra as mulleres. Condenamos cada acto, a cada agresor, e tamén a quen nega, minimiza ou xustifica a existencia desta violencia. O negacionismo non só fere a memoria das vítimas, senón que desprotexe ás que sofren e debilita o compromiso social necesario para combatela. Negar ou relativizar a violencia machista é contribuír á súa persistencia, e fronte a iso as institucións galegas deben manterse firmes, unidas e comprometidas.

Sabemos que a desigualdade estrutural segue presente nas vidas das mulleres. Os estereotipos e patróns de xénero continúan nos ámbitos da economía, da cultura, da política e do deporte, atacando o corazón mesmo da liberdade e da democracia. A súa expresión máis cruel é a violencia de xénero, alicerzada nun sistema patriarcal que perpetúa o control e a desigualdade.

Debemos erguer a voz por aquelas mulleres que atopan máis barreiras para acceder á información e á protección: mulleres con discapacidade, maiores, migrantes ou que non dominan as nosas linguas. Seguiremos traballando para garantir os seus dereitos con servizos e recursos adecuados, en condicións de plena igualdade.

Na provincia de Lugo, poñémonos a carón das vítimas e das súas familias para dicirlles que non permitirán que se vulnere o principio de igualdade nin se normalice esta violencia, un crime contra os dereitos humanos que nos empobrece como sociedade.

Contamos cun amplo marco legal, xudicial e de protección —a Lei Orgánica 1/2004, a Lei galega 11/2007 e o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero— que debemos seguir reforzando tamén dende o ámbito local.

Finalmente, a Deputación Provincial de Lugo quere recoñecer o compromiso da cidadanía galega na loita contra a violencia machista, animando a actuar con unidade e a rexeitar con firmeza os comportamentos violentos e a quen os ampara. Ás mulleres dicímoslles, con toda convicción: hai saída, e non están soas. Nin hoxe, nin nunca.”

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á Declaración Institucional anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251125&punto=2>

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	3/70



PARTE RESOLUTIVA

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE ORZAMENTO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O ANO 2026, CADRO DE PERSOAL E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, do seguinte teor:

“Vista a proposta da Presidencia que textualmente di o seguinte:

1.0 proxecto de Orzamento Xeral da propia entidade ascende a 129.511.338,99 €.

Aumenta en 3.510.532,50 € respecto de 2025, o que representa o 2,79 %.

O ámbito subxectivo a efecto de delimitar o perímetro de consolidación de tódolos entes dependentes da Deputación clasificados como “Administración Pública” pola IGAE, co fin de avaliar o cumprimento dos obxectivos de estabilidade, débeda pública, e regra de gasto que establece a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria (LOE), é preciso engadir o Consorcio Provincial de extinción de incendios, co seguinte detalle:

-A propia entidade:	129.511.338,99€
-Consorcio Provincial de extinción de incendios:	10.052.495,00€
-Consolidación dos 2 entes (LOE)	135.236.715,15€

Aumenta en 4.833.822,92€ respecto de 2025, o que representa o 3,71 %.

Os estados de ingresos e gastos por capítulos preséntanse segundo o seguinte resumo:

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	4/70	



	ORZAMENTO DEPUTACIÓN	Consortio Bombeiros	TRANSFER. OP. INTERNAS	TOTAL CONSOLIDADO
I N G R E S O S				
		10.052.495,00		
<i>Op. non financeiras (1-7)</i>	129.211.338,99 €	€	4.327.118,84 €	134.936.715,15 €
1. IMPOSTOS DIRECTOS	7.717.032,26 €	- €		7.717.032,26 €
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	5.932.220,43 €	- €		5.932.220,43 €
TAX., PREC. PÚBL. E OUTROS				
3. INGR.	6.443.230,78 €	1.398.257,32 €		7.841.488,10 €
	107.262.617,76			111.589.736,60
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	€	8.654.237,68 €	4.327.118,84 €	€
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	1.240.280,40 €	- €		1.240.280,40 €
ALLEAMENTO DE INVEST.				
6. REAIS	400.000,00 €	- €		400.000,00 €
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	215.957,36 €	- €	- €	215.957,36 €
<i>Op. financeiras (8-9)</i>	300.000,00 €	- €	- €	300.000,00 €
8. ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €	- €		300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCEIROS	- €			- €
	129.511.338,99	10.052.495,00		135.236.715,15
TOTAL	€	€	4.327.118,84 €	€
G A S T O S				
		4.327.118,84		
<i>Op. non financeiras (1-7)</i>	129.211.338,99 €	10.052.495,00 €	€	134.936.715,15 €
1. GASTOS DE PERSOAL	32.393.090,06 €	8.339.487,71 €		40.732.577,77 €
GASTOS CORR. EN BENS E				
2. SERV.	37.324.812,27 €	1.393.363,54 €		38.718.175,81 €
3. GASTOS FINANCEIROS	50.100,00 €	1.100,00 €		51.200,00 €
TRANSFERENCIAS			4.327.118,84	
4. CORRENTES	22.896.417,46 €	- €	€	18.569.298,62 €
FONDO CONT. E OUT.				
5. IMPREV.	1.754.238,12 €	168.543,75 €		1.922.781,87 €
6. INVERSIONES REAIS	19.390.278,10 €	150.000,00 €		19.540.278,10 €
TRANSFERENCIAS DE				
7. CAPITAL	15.402.402,98 €	- €	- €	15.402.402,98 €
<i>Op. financeiras (8-9)</i>	300.000,00 €	- €	- €	300.000,00 €
8. ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €	- €		300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCEIROS	- €	- €		- €
	129.511.338,99	10.052.495,00	4.327.118,84	135.236.715,15 €
TOTAL	€	€	€	

Cúmrese cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública. O límite de gasto non financeiro da Deputación ascende a 117.970.832,29 € e a nivel consolidado co Consorcio a 9.259.449,57 €, coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

A masa salarial consolidada do persoal laboral incluída no orzamento 2026, formada por todas as retribucións salariais e extrasalariais e os gastos de acción social, no seu caso, e sen aumento retributivo para 2026, resulta una masa salarial laboral consolidada en 2025 ascendente a 9.561.732,87 €, co seguinte detalle:

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	5/70



Deputación: 3.923.011,17 €

Consortio de extinción de Incendios: 5.638.721,70 €

Ditas retribucións adecuaranse ao disposto na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2026 ou normativa de aplicación, consignando a tal fin a previsión do 3,3 % das retribucións no fondo de continxencia.

Ao Orzamento Xeral únense como anexos:

-Plan Orzamentario a medio prazo (2026-2028).

-Anexo de Investimentos ou Plan de Investimentos da propia Entidade.

-O Estado de previsión dos movementos e situación da débeda.

-Como documentación complementaria achégase a previsión do Orzamento do Consorcio Provincial de Lugo para prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

-Informe de avaliación de estabilidade, límite de gasto non financeiro e débeda pública.

2.0 Orzamento da propia Entidade en 2025 estaba cifrado en 126.000.806,49 €, o presente aumenta en 3.510.532,50 €, o equivalente 2,79 %, e distingue entre ingresos e gastos por operacións non financeiras e financeiras, co seguinte detalle:

INGRESOS	
Op. non financeiras (1-7)	129.211.338,99 €
Oper. Corr. (1-5)	128.595.381,63 €
Oper. Cap. (6 -7)	615.957,36 €
Op. financeiras (8-9)	300.000,00 €
8. ACTIVOS FINANCIEROS	300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCIEROS	- €
TOTAL INGRESOS	129.511.338,99 €
GASTOS	
Op. non financeiras (1-7)	129.211.338,99 €
Oper. Corr. (1-5)	94.418.657,91 €
Oper. Cap. (6 -7)	34.792.681,08 €
Op. financeiras (8-9)	300.000,00 €
8. ACTIVOS FINANCIEROS	300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCIEROS	- €
TOTAL GASTOS	129.511.338,99 €

Os Capítulos de Investimentos e de Transferencias de capital ascenden a 34.792.681,08 €, aumenta 768.120,36 € respecto ao 2025, equivalente ao 26,86 % do orzamento, e se financian do seguinte xeito:

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	6/70





-Transferencias de capital:	215.957,36 €
-Alleamento de investimentos reais	400.000,00 €
-Recursos ordinarios:	34.176.723,72 €
-Operación de crédito a l/p:	0,00 €

Os Capítulos 6 e 7 son obxecto de aumento pola incorporación de remanentes, e por outras modificacións orzamentarias ao longo do exercicio.

Ao Orzamento da propia Entidade únese como documentación complementaria:

- Memoria.
- Liquidación do Orzamento de 2024, resumida por capítulos, así como do resultado orzamentario.
- Liquidación do Orzamento de 2025 referida a seis meses do exercicio, resumida por capítulos, así como a do resultado orzamentario sen axustar.
- Estimación da Liquidación do orzamento de 2025 referida ao 31 de decembro.
- Anexo de persoal, e masa salarial laboral.
- Anexo ou Plan de investimentos que se prevé realizar no exercicio, debidamente codificado, e o seu financiamento.
- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais.
- Anexo de información sobre convenios subscritos coa CCAA, en materia de gasto social.
- Informe económico-financeiro.

3. Inclúense as Bases de Execución que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria e fiscalizadora á organización e circunstancias da Deputación, sendo de aplicación ao Consorcio en función da súa maior ou menor identidade orgánica ou funcional. Xuntase a relación de subvencións nominativas.

Polo que vai dito, o presente Orzamento Xeral informado pola Interventora, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (art. 112), do Rdl 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (art. 162 e seguintes), Rd 500/90, do 21 de abril, e a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira propónse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1º Aprobar o Orzamento Xeral para o exercicio 2026 que ascende a 129.511.338,99 €, cumpre co principio de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, cos

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	7/70



estados de gastos e ingresos, segundo resumo anterior, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ao expediente.

2º Aprobar o Cadro de Persoal da Deputación, tanto de funcionarios como de persoal laboral e eventual, segundo figura no expediente confeccionado ao efecto polo Servizo de Persoal.

3º Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral, e a relación de subvencións nominativas.

4º Aprobar o límite de gasto non financeiro para a Deputación ascendente a 117.970.832,29 € e a do Consorcio ascendente a 9.259.449,57 € sendo a consolidada para 2026 ascendente a 127.230.281,86 €, e a masa salarial laboral da Deputación ascendente a 3.923.011,17 € e a do Consorcio ascendente a 5.638.721,70 € sendo a consolidada de 9.561.732,87 €.

5º Dación de conta do Plan Orzamentario a medio prazo (2026-2028).

6º Dación de conta do Plan de Investimento e Financiamento do 2026.

7º Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no BOP, todo iso aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado se durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, D. Luís Fernández Guitián e D. Francisco Javier Balado Teijeiro, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 13; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Os señores Deputados do Grupo Provincial Popular abandonan o salón no momento da votación. Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251125&punto=3>

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	8/70





4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA TERCEIRA ADDENDA DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE OUROL PARA A EXECUCIÓN DOS FINS COMÚNS CONSISTENTES NA CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta do Sr. Deputado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Pablo Rivera Capón, en calidade de deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, en relación ao asunto de referencia expón o seguinte:

O 14.05.2019 o Concello de Oourol presentou un escrito no Rexistro Xeral Telemático da Deputación de Lugo (nº de rexistro 2019/RT002252), no que solicitaba o establecemento dun convenio interadministrativo de cooperación, en concreto, para establecer unha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta entre o Concello de Oourol e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os seus respectivos títulos competenciais para lograr o fin común da construción dun complexo residencial para persoas maiores no Concello de Oourol, así como, a necesaria adquisición dos terreos para levar a cabo o citado fin común.

O 05.06.2019 formalizouse entre as partes o Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Oourol para a execución dos fins comúns consistentes na Construción do Centro de Atención a Persoas Maiores no municipio de Oourol.

Posteriormente, e debido a razóns técnicas, aprobouse unha modificación do citado Convenio non alterando as condicións esenciais do documento inicial, sendo materializada esta modificación mediante a formalización o 12.11.2020 da primeira Addenda ao Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Oourol.

Dende a Área de Promoción Económica e Social, vista a certificación do Pleno do Concello de Oourol onde se acorda aprobar o cambio da parcela destinada á construción do Centro de Atención a Persoas Maiores no municipio de Oourol, informouse da necesidade de aprobar unha segunda Addenda, co obxecto de modificar as cláusulas primeira, terceira, cuarta, sexta e sétima, salientando que a modificación proposta non alteraba as condicións esenciais do documento inicial do Convenio Interadministrativo. Así, tras os trámites pertinentes 05.05.2023 formalizase a segunda addenda ao Convenio Interadministrativo de Cooperación

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	9/70



entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ourel para a execución dos fins comúns consistentes na Construción do Centro de Atención a Persoas Maiores.

Dende o Servizo de Benestar Social e Igualdade informouse o 07.11.2025 mediante documento co CSV IV7QQDK6B4R6VSEJCAADIZPF6U da necesidade de modificar a cláusula primeira, a cláusula cuarta e engadir unha cláusula adicional do citado convenio, visto o “Proxecto de execución do Centro de Atención a persoas Maiores” no Concello de Ourel cun orzamento base de licitación de 2.241.062,56 €. No citado informe recóllese de xeito expreso que “a non modificación do convenio implicaría deixar sen cumprir o obxectivo do Convenio, coa perda da creación dun servizo social comunitario de gran demanda na zona, e polo tanto, un gran prexuízo para a poboación da provincia de Lugo en xeral e da poboación do Concello de Ourel, en particular, afectando aos intereses de ambas administracións locais.

Tendo en conta o sinalado, así como, os informe do Servizo de Intervención (contabilidade e fiscalización) e o informe do Servizo de Contratación e Fomento, propónse que polo Pleno da Deputación Provincial de Lugo se adopte o seguinte ACORDO:

-Aprobar o texto da 3ª Addenda do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ourel para a execución dos fins comúns consistentes na Construción do Centro de Atención a Persoas Maiores no municipio de Ourel aprobado na sesión da Xunta de Goberno realizada o 24.05.2019 (e modificado por acordo da Xunta de Goberno do 06.11.2020 e por acordo do Pleno o 28.03.2023) que se recolle a continuación:

3ª ADDENDA AO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE OUREL PARA A EXECUCIÓN DOS FINS COMÚNS CONSISTENTES NA CONSTRUCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES

[APROBADO NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 24 DE MAIO DE 2019]

[ADDENDA APROBADA NA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 06 DE NOVIEMBRO DE 2020]

[2ª ADDENDA APROBADA NA SESIÓN DO PLENO DE DATA DE 28 DE MARZO DE 2023]

[3ª ADDENDA APROBADA NA SESIÓN DO PLENO DE DATA DE XX DE XXXX DE 202X]

En Lugo (asinado dixitalmente na data que consta no pé de páxina)

REUNIDOS

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	10/70





C.I.F. P-27000001 e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra don José Luís Pajón Camba con DNI nº 33.839.643-L, Alcalde do Concello de Ourel, que actúa en nome e representación do Concello, con CIF P-2703800I, con sede na Estrada Xeral, s/n, Concello de Ourel, con acreditación suficiente para a celebración deste acto.

Actuando don Jose Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias, de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno da Deputación, mediante acordo de data 24 de maio de 2019 aprobou o texto do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ourel para a execución dos fins comúns consistentes na Construción do Centro de Atención a Persoas Maiores no municipio de Ourel

SEGUNDO.- As partes asinaron dito convenio na data de 5 de xuño de 2019 para o financiamento e construción do Centro de Atención a Persoas Maiores de Ourel, vixente na actualidade.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión realizada o 06.11.2020, acordou dar a aprobación á modificación das cláusulas terceira, cuarta e sexta do Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ourel para a execución dos fins comúns consistentes na Construción do Centro de Atención a Persoas Maiores no municipio de Ourel, nos termos da addenda de modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio interadministrativo de referencia.

A citada addenda foi formalizada o 12.11.2020 entre as partes.

CUARTO.- O Pleno da Deputación de Lugo en sesión realizada o 28.03.2023, acordou dar a aprobación á modificación das cláusulas primeira, terceira, cuarta, sexta e sétima do Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ourel para a execución dos fins comúns consistentes na Construción do Centro de

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	11/70



Atención a Persoas Maiores no municipio de Oourol, nos termos da segunda addenda de modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio interadministrativo de referencia.

Esta segunda addenda citada foi formalizada o 05.05.2023 entre as partes.

QUINTO.- O “Proxecto de execución do Centro de Atención a persoas Maiores” no Concello de Oourol, consta cun orzamento de execución material de 1.712.041,68 € e un orzamento base de licitación de 2.241.062,56 €. Tendo en conta co importe actual do convenio para esa partida era de 1.570.800.00 €, e un orzamento total de 1.625.250,00 €, dende o Servizo de Benestar Social e Igualdade informouse da necesidade de modificar a cláusula primeira, cuarta e engadir unha cláusula adicional do citado convenio.

Polo anteriormente exposto, as partes formalizan e subscriben a presente terceira addenda de modificación con suxeición ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- As partes acordan modificar as cláusulas primeira e cuarta do convenio, que quedarán redactadas como segue:

“Cláusula primeira. Obxecto.

(...)

Para alcanzar estes obxectivos compartidos, ambas administracións comprométense a realizar o seguinte investimento e actividade:

INVESTIMENTO	ACHEGA FINANCEIRA DA DEPUTACIÓN	ACHEGA FINANCEIRA DO CONCELLO OUROL	TOTAL
CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES NO MUNICIPIO DE OUROL	2.041.062,56 €	200.000,00 €	2.241.062,56 €
REDACCIÓN PROXECTO BÁSICO E EXECUCIÓN, ESTUDIO XEOTÉCNICO, E INFORME DE CONTROL DA ESTRUCTURA EXISTENTE	54.450,00 €	00,00 €	54.450,00 €
TOTAL	2.095.512,56 €	200.000,00 €	2.295.512,56 €

(...).

“(...)” CLÁUSULA CUARTA.- Réxime económico.

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	12/70





1.- Achega financeira da Deputación:

1. A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 2.095.512,56 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio de acordo coas actuacións que figuran na cláusula primeira, con cargo á aplicación orzamentarias 2315.650.09, do orzamento xeral da Deputación de Lugo na modalidade de gasto plurianual supeditándose a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no exercicio 2027 e coa seguinte distribución:

- Ano 2019: 30.000,00 €
- Ano 2020: 475.250,00 €
- Ano 2021: 368.000,00 €
- Ano 2022: 368.000,00€
- Ano 2023: 184.000,00 €
- Ano 2024: 0,00 €
- Ano 2025: 0,00 €
- Ano 2026: 0,00 €
- Ano 2027: 670.262,56 €

2.-Achega do Concello:

2.1.- O Concello de Ourense aportará 200.000,00 €, para a construción do centro de atención a persoas maiores do municipio de Ourense, conforme ao seguinte detalle:

- Ano 2021: 50.000,00 €
- Ano 2022: 75.000,00 €
- Ano 2023: 75.000,00 €

(...)"

SEGUNDA.- As partes acordan incorporar unha cláusula adicional co seguinte contido:

"Cláusula Adicional primeira.

A Deputación de Lugo e o Concello de Ourense amosan a súa vontade de que unha vez rematado o Centro de Atención a Persoas Maiores, este sexa xestionado dentro do marco da xestión que está a desenvolver a Deputación de Lugo nas miniresidencias, no eido da colaboración interadministrativa (público-público)."

TERCEIRA.- As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta terceira addenda de modificación, permanecerán invariables.

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	13/70



Acordando ambas partes, incorporar ao convenio interadministrativo subscrito con data 05.06.2019, e modificado pola primeira addenda formalizada o 12.11.2020 e pola segunda addenda formalizada o 05.05.2023, esta terceira addenda de modificación, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan a presente terceira addenda do convenio subscrito con data 05.06.2019 e modificado o 12.11.2020 e o 05.05.2023, do que como secretario dou fe.

O Presidente, José Tomé Roca (asdo. de xeito dixital)

O Alcalde-Presidente do Concello de Ourense, José Luís Pajón Camba (asdo. de xeito dixital)

O Secretario Xeral, Jose Antonio Mourelle Cillero (asdo. de xeito dixital)

-Aprobar o orzamento vinculado á aprobación da citada terceira Addenda cun total estimado de 2.295.512,56 €, dos cales a Deputación tería que asumir 2.095.512,56 €, coa seguinte distribución por anualidades:

- Ano 2019: 30.000,00 €
- Ano 2020: 475.250,00 €
- Ano 2021: 368.000,00 €
- Ano 2022: 368.000,00 €
- Ano 2023: 184.000,00 €
- Ano 2024: 0,00 €
- Ano 2025: 0,00 €
- Ano 2026: 0,00 €
- Ano 2027: 670.262,56 €

A Deputación adquirirá o compromiso de incluír no orzamento do ano 2027 o importe de 670.262,56 € para sufragar os gastos que se deriven da execución da anualidade do 2027, tendo en conta que se trata dun gasto pluri-anual e, polo tanto, o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

-Dar traslado da citada Terceira Addenda ao Concello de Ourense para a súa aprobación, co obxecto de poder formalizala e dar continuidade aos trámites administrativos necesarios para o seu cumprimento.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvarinho, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	14/70





favorablemente a proposta presentada e elevála ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 25. Polo que o Presidente declara aprobada por unanimidade a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251125&punto=4>

5.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO MARCO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E OS CONCELLOS PARA CONSOLIDAR A PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS NOS CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta do Sr. Deputado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Pablo Rivera Capón, en calidade de deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, expón o seguinte:

A Deputación Provincial de Lugo, no ano 2010, asumindo o seu papel de apoio e cooperación cos Concellos a prol de garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, promovendo e asegurando a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia local, co nomeado énfase nos de menor tamaño de poboación, en atención á situación sociodemográfica de sobreenvellecemento da súa poboación, con especial repercusión nas zonas rurais, e sendo coñecedora dos recursos existentes cos que contaba a provincia, iniciou un proxecto ambicioso á vez que necesario para dar resposta a unha necesidade máis que evidente e manifesta, en concreto, a posta en marcha de centros de atención a persoas maiores no eido rural, en colaboración cos concellos da provincia, por ser estes os que ostentan a competencia en materia de servizos sociais comunitarios, así como, por ser as entidades máis próximas á cidadanía, que en último termo é a quen vai dirixido o proxecto.

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou impulsar a posta en funcionamento dos centros de atención a persoas maiores que constaban xa rematados nese momento, así como, os que se atopaban en construción ou en fase de preparación, ordenando aos distintos servizos e unidades administrativas afectados dar prioridade ás tarefas necesarias para a posta en funcionamento destes equipamentos sociais altamente demandados. Así, neste senso de desenvolver un

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	15/70



sistema de prestacións en rede artellouse uns convenios de colaboración interadministrativa, en concreto un Convenio Marco, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores e un Convenio Específico para a prestación compartida de servizos nos centros de atención a persoas maiores, aos cales adheríronse os concellos de Castroverde, A Fonsagrada, Meira, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Ribadeo, Ribas de Sil e Trabada (ver anexo I).

Os convenios de cooperación citados fixaban as liñas comúns de desenvolvemento, financiamento, organización, coordinación, dirección, xestión e funcionamento das prestacións propias dos centros de atención a maiores dos citados Concellos; implantar e aplicar unha regra da prioridade por veciñanza e proximidade xeográfica, a fin de manter ás persoas maiores no seu entorno vital, familiar e social; e establecer o carácter homoxéneo das prestacións en todo o territorio provincial, garantindo estándares mínimos de calidade, prestacións e prezos a pagar polas persoas usuarias.

Estes documentos foron modificados mediante a formalización das correspondentes addendas (ver anexo I), destacando a modificación levada a cabo para prorrogar o prazo de vixencia e da execución ata 20.06.2026, momento no que remataría dita a colaboración interadministrativa regulada nos Convenios Marcos, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores e nos Convenios Específicos para a prestación compartida de servizos no centro de atención a persoas maiores.

Segundo a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, a xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos é competencia dos concellos e a Administración xeral da Comunidade Autónoma promoverá a formalización de convenios administrativos de colaboración entre ela e as entidades locais para a súa creación, xestión e o mantemento de servizos sociais, en especial no que respecta a os servizos comunitarios específicos (caso que nos atopamos), co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio así como os criterios de economía, eficiencia e eficacia na xestión e o uso racional dos recursos públicos, con independencia da concreta administración titular dos centros. Ao servizo de Benestar Social e Igualdade, que actualmente leva a cabo a xestións dos CAMS, non lle consta a existencia de ningún convenio administrativo de colaboración entre os concellos antes citados e a Administración xeral da Comunidade Autónoma, para a xestión e mantemento dos servizos comunitarios específicos que neste informe nos ocupan.

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	16/70





Así parece necesario e preciso artellar un novo marco xurídico, que estableza as novas bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e os concellos, para levar a cabo as actuacións derivadas das prestación dos servizos enmarcados nos Centros de Atención a Persoas Maiores (en adiante CAMS), isto é, unha nova proposta de xestión, tendo en conta o prazo de vixencia do actual sistema de colaboración interadministrativa de cooperación, co obxecto de protexer os servizos sociais públicos e mantendo os criterios de economía, eficiencia e eficacia na xestión e o uso racional dos recursos públicos, con independencia da concreta administración titular dos centros e respectando a regra da prioridade por veciñanza e proximidade xeográfica; o carácter homoxéneo das prestacións salientando no relativo ás prestacións e prezos a pagar polas persoas usuarias.

Así, dende a Área que represento, faise unha proposta dun novo Convenio interadministrativo marco que mellorará a eficiencia na xestión pública, contribuirá á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., establecendo as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e os concellos que se adhiran en exercicio das súas competencias, en concreto para as actuacións derivadas da prestación dos servizos sociais comunitarios específicos en miniresidencias, segundo o establecido na Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores, e que pertenceran á Rede de Centros da Deputación de Lugo por ser centros xa xestionados e/ou construídos baixo a fórmula do cooperación interadministrativa entre os concellos e a Deputación de Lugo, mantendo as liñas comúns de desenvolvemento, organización, coordinación, dirección, xestión e funcionamento das prestacións propias dos CAMS e mantendo tanto a regra da prioridade por veciñanza e proximidade xeográfica, como o carácter homoxéneo das prestacións nos CAMS garantindo estándares mínimos de calidade, prestacións e prezos a pagar polas persoas usuarias, en función da súa capacidade económica e custo do servizo.

Coa formalización do convenio preténdese manter, coordinar e valorizar os recursos dispoñibles encamiñados a responder as demandas sociais de:

- Prestar de forma eficaz e eficiente un servizo público de carácter social, comunitario específico, en centros de atención a persoas maiores de menos de 59 prazas (miniresidencias).
- Garantir unha dirección e coordinación pública na prestación destes servizos e un sistema de inspección pública permanente.
- Garantir o acceso da veciñanza a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos de proximidade.

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Página	17/70	

- Fixar un sistema de prezos públicos acorde ao o custo do servizo, a capacidade económica das persoas usuarias, con cobertura pública para aquelas persoas con menos recursos.
- Mellorar a relación coas persoas solicitantes, minorando os trámites administrativos e incrementando a simplificación administrativa, sen renunciar á legalidade, que permitan unha mellor accesibilidade, unha menor carga burocrática á vez que se reducen os tempos derivados da interoperabilidade e permitindo liberar recursos das administracións locais con menor capacidade.
- Minorar os custos antieconómicos da prestación illada, colaborando cos recursos públicos dispoñibles que se mobilizaran a tal fin, e instrumentando mecanismos de economía de escala e compra agregada.

Tendo en conta o remate da vixencia do actual sistema de xestión do CAMS, parece oportuno aprobar un novo marco xurídico, mentres que a Administración Autonómica promova a formalización de convenios administrativos de colaboración entre ela e as entidades locais para a súa creación, xestión e o mantemento de servizos sociais, respectando os puntos clave do anterior, incorporando melloras derivadas da actual experiencia de xestión, así como, aquelas modificacións que permitan un mellor axuste á normativa vixente de aplicación. Así, redáctase o texto do Convenio interadministrativo marco de cooperación entre a Deputación de Lugo e os concellos para consolidar a prestación de servizos sociais nos centros de atención a persoas maiores, texto sobre o cal contan informes do servizo de Benestar Social e Igualdade, do Servizo de Contratación e Fomento e da Intervención desta Deputación de Lugo

Así, propónse que polo Pleno da Deputación de Lugo acorde:

Dar aprobación ao texto do Convenio interadministrativo marco de cooperación entre a Deputación de Lugo e os concellos para consolidar a prestación de servizos sociais nos centros de atención a persoas maiores, que se transcribe a continuación:

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO MARCO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E OS CONCELLOS PARA CONSOLIDAR A PRESTACIÓN DE SERVICIOS SOCIAIS NOS CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES .

[APROBADO NA SESIÓN DO PLENO DA DEPUTACIÓN DE LUGO O DD.MM.AAAA]
[APROBADO NA SESIÓN DO PLENO POLO CONCELLO O DD.MM.AAAA]

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	18/70





REUNIDOS

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don/a NOME1 APELIDO1 APELIDO2, alcalde/sa do Concello de NOMECONCELLO con CIF: P-2700000X e sede social en DIRECCIÓN CONCELLO, de MUNICIPIO, da provincia de Lugo, que actúa en exercicio das facultades que lle confire o artigo 21.1. b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, como Secretario da Deputación Provincial de Lugo en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense, mutuamente, a capacidade xurídica e representación necesaria para subscribir este convenio e a tal efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O Estatuto de Autonomía de Galicia establece no seu artigo 27 no apartado 23 que a Comunidade Autónoma Galega ten a competencia exclusiva en materia de asistencia social. En base a esa atribución competencial o Parlamento galego deu aprobación á Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (en adiante LSSG), a cal recolle de xeito expreso que os servizos sociais, son competencia exclusiva da Xunta de Galicia.

SEGUNDO.- A Lei 13/2008 entende por servizos sociais como o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro de diversos obxectivos, entre os que se citan: facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopan en situación ou en risco de exclusión social; garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia; previr a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección ás que fan referencia os obxectivos anteriores e promover e garantir o dereito universal da cidadanía galega ao acceso aos servizos sociais, garantindo a suficiencia orzamentaria que asegure a súa efectividade.

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	19/70



O sistema galego de servizos sociais, segundo o artigo 4 LSSG, réxese polos principios de: universalidade; prevención; responsabilidade pública; igualdade; equidade e equilibrio territorial; solidariedade; acción integral e personalizada; autonomía persoal e vida independente; participación; integración e normalización; globalidade; descentralización e proximidade; coordinación; economía, eficacia e eficiencia; planificación; avaliación e calidade.

TERCEIRO.- O sistema galego de servizos sociais estrutúrase en forma de rede, segundo establece a LSSG conforme a dous niveis de actuación: servizos sociais comunitarios e servizos sociais especializados. Dentro dos servizos sociais comunitarios diferenciase, á súa vez, dúas modalidades: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos.

Os servizos sociais comunitarios, son de carácter de xeito predominante local, estando referenciados a un territorio e poboación determinados e constitúen o acceso normalizado e o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais. Así por unha banda os servizos sociais comunitarios básicos teñen un carácter local, aberto e polivalente e constitúen a vía normal de acceso ao sistema de servizos sociais, garantindo a universalidade do sistema e a súa proximidade ás persoas usuarias e aos ámbitos familiar e social. Por outra banda os servizos sociais comunitarios específicos están orientados a desenvolver programas e xestionar centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando a súa normalización e reincorporación social ou como espazo de tránsito a un servizo especializado.

A relación entre servizos sociais comunitarios e servizos sociais especializados responderá a criterios de complementariedade, de acción coordinada para a consecución de obxectivos comúns ou de actuación conxunta, coa finalidade de conseguir a continuidade e complementariedade das intervencións que deban aplicarse desde os distintos niveis de actuación, tendo en conta que cada nivel de actuación contará cos equipamentos e as persoas profesionais e equipos técnicos interdisciplinares que se determinen regulamentariamente.

CUARTO.- As competencias en materia de servizos sociais corresponden á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, estas competencias que a lei 13/2008 atribúe á Xunta de Galicia poden ser obxecto de delegación e transferencia, de conformidade co previsto na normativa vixente na materia. Así segundo co previsto na lei e na lexislación de aplicación sobre réxime local, corresponden aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, as competencias, entre outras, de creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos. Non obstante, a propia norma establece no seu artigo 53 que esta atribución ás entidades locais de competencias de titularidade

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	20/70





autonómica en materia de servizos sociais deberá ir acompañada da transferencia dos medios económicos, materiais e persoais que resulten necesarios para o adecuado exercicio das mesmas.

Tamén sinala, a citada norma sectorial, en materia competencial que as deputacións provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes. Todo elo sen esquecer que a Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos a fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que incumbe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos, tal e como recolle de xeito expreso a LSSG.

Así para a mellor atención das necesidades sociais do ámbito territorial, e unha vez garantida a prestación dos servizos sociais comunitarios básicos, os concellos de Galicia poderán crear, xestionar e manter servizos sociais especializados, en coordinación coa Xunta de Galicia e de acordo co Catálogo de servizos sociais e a planificación correspondente, consonte co previsto no artigo 62 da LSSG, referente as actividades municipais complementarias doutras administracións públicas. Así, estas competencias cualifícanse como propias dos concellos, atribuídas por delegación pola lexislación autonómica, consonte ao establecido no artigo 64 bis da lei galega de servizos sociais que, a súa vez, promove a colaboración interadministrativa, entre outras actividades ou accións, para a xestión e o mantemento de servizos sociais, en especial mención no que respecta aos servizos comunitarios específicos, co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio así como os criterios de economía, eficiencia e eficacia na xestión e o uso racional dos recursos públicos, con independencia da concreta administración titular dos centros.

QUINTO.- O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

SEXTO.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	21/70



“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

1. a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

SÉTIMO.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As achegas financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

OITAVO.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións locais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141,

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	22/70





na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: " 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

NOVENO.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

"1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)
2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.
3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)
6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para resolver os problemas comúns que poidan formularse alén de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" -LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	23/70



legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

DÉCIMO.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio

DÉCIMO PRIMEIRO.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	24/70





autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétnanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

DÉCIMO SEGUNDO.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

DÉCIMO TERCEIRO.- A Deputación provincial, dentro deste marco normativo, en colaboración con distintos Concellos da Provincia está a acometer un proxecto baseado na economía prateada entre cuxos obxectivos atópanse a construción e/ou financiamento de centros de atención a persoas maiores (en adiante CAMS), en miniresidencias en concellos de menos de 20.000 habitantes. Para máis abastanza sinalar que a Deputación de Lugo xestiona o servizo de atención residencial, de xeito

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	25/70



efectivo, dende o 25.04.2019, constando como titular da actividade sectorial no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.

A administración local luguesa salienta, entre os principios xerais do sistema galego de servizos sociais, a equidade e o equilibrio territorial, de modo que no desenvolvemento da rede de centros e servizos se compensen e movan os desequilibrios e debilidades xeográficas; se garanta o acceso ao sistema dos veciños e veciñas que residan en áreas sociais con altas taxas de envellecemento e dispersión, mediante unha oferta pública equitativa e equilibrada de servizos en todo o territorio, fornecendo criterios de acceso homoxéneos por razóns de situación biopsicosocial e por razóns de proximidade ao recurso, nomeadamente priorizando a residencia no municipio e na contorna correspondente.

O sistema deseñado prioriza a calidade e proximidade como unha das súas fortalezas, mantendo ás persoas maiores na súa contorna familiar e social habitual, como factor cualitativo e cohesionador: as nosas persoas maiores envellecerán onde viviron en centros non masificadas, con formas de convivencia flexible, dentro dun modelo centro na persoa, de xeito inicial, que está a evolucionar a un modelo de atención biopsicosocial.

A sistemática implantada baséase no respecto a autonomía municipal e o papel cooperativo, coordinador e de asistencia das deputación, que garanta o acceso da veciñanza a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente, equilibrada e de proximidade, a través dunha xestión dos servizos de atención a maiores pública e responsable, primando a calidade nas atencións ás persoas usuarias, cun financiamento sostible acorde a capacidade económica das persoas usuarias, progresiva e redistributiva.

O sistema fai real e tanxible, a través das administracións locais (concellos e provincia) a cláusula propia do Estado Social ou do Benestar que obriga aos poderes públicos a remover os obstáculos que impidan ou dificulten a liberdade e igualdade real e efectiva das persoas maiores, promovendo a súa participación nos nodos de vida social, cultural, económica, etc., preservando en todo momento a súa dignidade persoal.

DÉCIMO CUARTO.- Para impulsar apertura ás persoas usuarias desta rede de centros, a Deputación Provincial aprobou un protocolo xeral de actuación, en sesión da Xunta de Goberno realizado o 16.03.2018, que se trasladou a distintos concellos con centros en condicións de comezar a funcionar de xeito inmediato, nese intre temporal.

Para avanzar na posta en marcha dos CAMS e co obxecto de fixar as liñas comúns de desenvolvemento, financiamento, organización, coordinación, dirección, xestión e

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	26/70	



funcionamento das prestacións propias dos CAMS existentes nos concellos da Provincia de Lugo que se quixeran adherir ao sistema, así como, implantar e aplicar a regra da prioridade por veciñanza e proximidade xeográfica, a fin de manter ás persoas maiores na súa contorna familiar e social habitual, dando prioridade para o acceso ás persoas residentes dos concellos, despois aos da contorna á que pertencen, e despois aos da provincia; e establecer o carácter homoxéneo das prestacións en todo o territorio provincial, garantindo estándares mínimos de calidade, prestacións e prezos a pagar polas persoas usuarias, formalizáronse diferentes convenios bilaterais, en concreto convenios marcos, interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores.

Entre as obrigas asumidas por cada unha das partes, cabe salientar as seguintes:
A Deputación, entre outras:

- Efectuar o financiamento previsto na cláusula sexta do citado convenio marco.
- Actuar como órgano de contratación, nos termos e cos límites establecidos nese acordo marco.
- Impulsar un equipo técnico especializado no ámbito dos servizos sociais.

O Concello, entre outras:

- Colaborar coa Deputación para lograr o fin do convenio.
- Efectuar as achegas económicas previstas na cláusula sexta daquel convenio marco.
- Establecer o réxime xurídico e a forma de xestión directa do servizo público con prestacións directas ás persoas.
- Tramitar e someter a aprobación do órgano competente a regulamentación dos centros e da actividade e o prezo público a cobrar ás persoas usuarias do centro.

Así, unha vez formalizados os citados convenios marcos (ver anexo I), cada un dos concellos procedeu, dentro das súas obrigas e compromisos, á tramitación e aprobación, de conformidade co artigo 97 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril (TRRL), do réxime xurídico e a forma de xestión directa destes servizos públicos, coa posibilidade de prestacións materias non reservadas á función pública, única e exclusivamente mediante contratos administrativos que non impliquen xestión indirecta.

DÉCIMO QUINTO.- As cláusulas adicionais do Convenio marco determinaban a tramitación dun convenio específico con seguintes parámetros:

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	27/70



- Convenio marco complementaríase, respectando o seu contido, con convenios específicos con cada Concello, atendendo á tipoloxía do centro, á titularidade dos bens, á colaboración específica comprometida e á preexistencia de instrumentos colaborativos a extinguir e liquidar.
- O Convenio específico podería aplicar e mellorar as determinacións do Convenio marco, pero non as podería empeorar e debería garantir que se manteña o principio de igualdade entre as partes que interveñen, a homoxeneidade nas prestacións, na súa calidade, nas condicións de acceso ou nos prezos a pagar, entre outros.

Así, e unha vez aprobado o réxime xurídico e a forma de xestión directa para cada un dos CAMS por parte dos concellos e co obxecto desenvolver os convenios marco interadministrativos de cooperación subscritos, formalizáronse entre a Deputación de Lugo e os diferentes concellos (ver anexo I) os convenios específicos para a prestación compartida de servizos nos centros de atención a persoas maiores, no marco dunha relación interadministrativa de cooperación, nos cales recollían os compromisos, participación e obrigas de cada unha das partes do sistema prestacional colaborativo.

DÉCIMO SEXTO.- O vindeiro 20.06.2026 remata a vixencia dos citados Convenios, polo que, parece, necesario seguir avanzando neste sistema de prestación de servizos coa formalización de novos convenios que recollan e se adapten á nova realidade da xestión deste servizos sociais comunitarios específicos, en aras de seguir avanzando na mellora e na eficiencia da actual xestión pública compartida mediante o actual sistema de colaboración de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos.

DÉCIMO SÉTIMO.- A experiencia destes anos na implantación e execución deste sistema de prestación compartida, amosa unha debilidade derivada da falta de recursos nos concellos, que lles fan complicado poder cumprir con todas as obrigas establecidas nos convenios. Por outra banda, o incremento de centros á rede, fai que se estea a incrementando a carga administrativa na Deputación de Lugo. Estes dous factores poden chegar a crear unha non funcionalidade no sistema. Por iso, parece necesario crear un novo marco cooperativo e colaborativo entre Deputación e concellos, que siga garantindo as liñas fixas deste proxecto baseadas na aplicación dunha regra da prioridade por veciñanza e proximidade xeográfica, a fin de manter ás persoas maiores na súa contorna familiar e social habitual, dando prioridade no acceso aos recursos e función da orixe; manter o carácter homoxéneo das prestacións nos CAMS garantindo estándares mínimos de calidade, prestacións e prezos públicos a aplicar ás persoas usuarias en función da súa capacidade económica en base unha ordenanza de prezos públicos.

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	28/70





DÉCIMO OITAVO.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todas persoas representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Este Convenio ten por obxecto:

- a) Establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de NOMECONCELLO en exercicio das súas competencias no CAM NOMECONCELLO, en concreto para as actuacións derivadas da prestación dos servizos sociais comunitarios específicos, enmarcados no citado centro clasificado como miniresidencia, segundo o establecido na Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores, e que pertenceran á Rede de Centros da Deputación de Lugo por ser centros xa xestionados ou construídos baixo a fórmula do cooperación interadministrativa entre o citado Concello e a Deputación de Lugo.
- b) Manter as liñas comúns de desenvolvemento, organización, coordinación, dirección, xestión e funcionamento das prestacións propias dos centros de atención a maiores que xestiona de xeito directo a Deputación de Lugo.
- c) Manter a regra da prioridade por veciñanza e proximidade xeográfica, a fin de manter ás persoas maiores na súa contorna familiar e social habitual, afianzando o modelo de atención biopsicosocial xa implantado.
- d) Mellorar a relación coas persoas usuarias, minorando os trámites administrativos e incrementando a simplificación administrativa, sen

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Página	29/70	

renunciar á legalidade, que permitan unha mellor accesibilidade, unha menor carga burocrática á vez que se reducen os tempos derivados da interoperabilidade da duplicidade, permitindo, así, liberar recursos das administracións locais con menor capacidade.

- e) Manter o carácter homoxéneo das prestacións nos CAMS garantindo estándares mínimos de calidade, prestacións e prezos a pagar polas persoas usuarias, en función da súa capacidade económica e custo do servizo.

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as achegas que se recollen no presente convenio, co especial mención as tramitacións xurídico administrativas e as achegas económicas que resulten necesarias para acadar os fins comúns, prestándose mutuamente a cooperación interadministrativa precisa.

SEGUNDA.- Ámbito territorial

O ámbito de desenvolvemento da actuación obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de NOMECONCELLO

TERCEIRA.- Fin común

Coa formalización do presente convenio preténdese manter, coordinar e valorizar os recursos dispoñibles encamiñados a responder as demandas socias de:

- Prestar de forma eficaz e eficiente un servizo público de carácter social, comunitario específico, en centros de atención a persoas maiores de menos de 59 prazas (miniresidencias).
- Garantir unha dirección e coordinación pública na prestación destes servizos e un sistema de inspección pública permanente.
- Garantir o acceso da veciñanza a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos de proximidade.
- Fixar un sistema de prezos públicos acorde ao o custo do servizo, a capacidade económica das persoas usuarias, con cobertura pública para aquelas persoas con menos recursos.
- Minorar os custos antieconómicos da prestación illada, colaborando cos recursos públicos dispoñibles que se mobilizaran a tal fin, e instrumentando mecanismos de economía de escala e compra agregada.

CUARTA.- Prestación do servizo.

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	30/70





Os servizos prestaranse directamente pola Deputación de Lugo e o NOMECONCELLO que se adhira ao sistema, que exercerán tódalas funcións públicas, reservadas pola lexislación á gobernanza e á función pública, eliminando o risco de que a prestación do servizo sexa asumida por empresas privadas ou entidades suxeitas ao dereito privado.

En ningún caso se poderán celebrar contratos que supoñan xestión indirecta, como o contrato de concesión de obras ou de servizos que modifiquen o sistema actual implantado de prestación dos servizos sociais obxecto deste convenio.

As partes neste convenio marco manifestan, a vontade compartida, de defender a actual xestión pública directa que se ven desenvolvendo nos CAMS. As tarefas de carácter material e técnico necesarias para a prestación real do servizo poderanse prestar mediante contratos administrativos de subministro e servizos nos termos dos artigos 16 e 298 e seguintes (contrato de subministro); 15, 308 e seguintes e nomeadamente o artigo 312 da LCSP/2017, en tanto se ocupa das especialidades dos contratos de servizos que implican prestacións directas a favor da cidadanía, tal e como se veñen desenvolvendo.

A Deputación actuará como órgano de contratación en virtude deste convenio e do marco legal fixado no artigo 31 da LCSP/2017, e concordantes exclusivamente para contratos de servizos e de ser necesario de subministracións, tendo en conta que cada CAM é unha unidade básica de prestación de servizos sociais independente. As administracións locais adheridas ao presente convenio levarán a cabo as actuacións necesarias para dar cumprimento á normativa vixente e garantir o obxecto do convenio.

QUINTA.- Obrigas e compromisos das partes.

5.1. Obrigas da Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Aceptar a delegación do Concello da competencia en materia de xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, que se prestan no CAM de NOMECONCELLO, procedendo a realizar os trámites necesarios. Así, aprobarase unha ordenanza provincial única para o acceso aos servizos prestados no CAM, a cal deberá manter a filosofía das normativas locais vixentes de prioridade da veciñanza. Tamén se dará trámite a unha ordenanza provincial única de prezo público, en relación ao custo do servizo e que siga a respectar a achega das persoas usuarias en función da súa capacidade económica. Ambas unificacións realizaranse en aras

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	31/70



minimizar os trámites administrativos para as interesadas, as persoas usuarias, así como, ás administracións locais implicadas neste sistema de xestión.

- a) A ordenanza de acceso provincial, terá que respectar a filosofía das actuais ordenanzas de acceso, co especial mención a regra da prioridade por veciñanza e proximidade xeográfica ao CAM, a fin de manter ás persoas maiores na súa contorna familiar e social habitual, dando prioridade para o acceso ás persoas residentes dos concellos, despois aos da contorna á que pertencen, e despois aos da provincia. Na redacción incorporárase aquelas modificacións respecto da actual, que sexan precisas para adaptarse á normativa vixente, así como, ao modelo de atención biopsicosocial implantado nos CAMS.
- b) A ordenanza de prezo público que regulará o contía a pagar polas persoas usuarias, deberá estar baseada nas actuais ordenanzas de prezos públicos axustadas, ao custo real do servizo, na capacidade económica das persoas usuarias e mantendo o actual sistema de protección ás persoas con maior risco de vulnerabilidade.
- c) O regulamento do réxime interno do servizo respectará á normativa autonómica, así como, os regulamentos xa existentes, procurando a mellora derivada da actual experiencia de xestión.

2. Efectuar o financiamento derivado da execución deste convenio.

3. Manter e impulsar os equipos técnicos especializado en servizos sociais, responsable da calidade, integridade e transparencia das prestacións. Estes equipos estarán compostos, preferentemente por persoal de enfermería, terapia ocupacional, traballo social, psicoloxía e fisioterapia, podendo incorporar outras disciplinas, segundo o requira a normativa sectorial ou por cuestións técnicas xustificadas, que impliquen unha mellora significativa da calidade do servizo. O persoal do equipo técnico estará apoiado por persoal de perfil administrativo. En todo caso deberá de conformidade coa lexislación sectorial de servizos sociais, dar cumprimento á Orde de 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, de 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores, ou a normativa que a substitúa.

4. Manter e impulsar o equipo de mantemento especializado nos equipamentos dos CAMS.

5. Garantir a intervención e control público do acceso aos centros de atención a persoas maiores e das prestacións que se realicen.

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	32/70	



6. Actuar como órgano de contratación, cumprindo coas determinacións da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), considerando e tendo en conta que cada CAM é unha unidade básica de prestación de servizos sociais independente. A estes efectos, se licitarán as necesidades imprescindibles para un correcto funcionamento e cumprimento da normativa, co especial mención á sectorial en materia sociosanitaria.

7. Realizar a xestión, liquidación, inspección e recadación dos prezos públicos que deban aboar ás persoas usuarias do centro de atención a persoas maiores que participen neste convenio marco e no sistema propugnado.

8. Dar cumprimento á normativa reguladora de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, que deban utilizarse no desenvolvemento das respectivas actividades as que se comprometen e, especialmente, da utilización dos datos persoais por terceiros de forma non autorizada.

9. No caso de que a Deputación sexa a titular do inmovible, asumir todas as obrigas derivadas da mesma.

10. No caso de que a Deputación sexa a titular das autorizacións sectoriais (RUEPSS, Rexistro sanitario, industria, etc.), será esta a responsable cara ás correspondentes tramitacións administrativas e responsabilidades derivadas. En todo caso, contarase coa colaboración do persoal asignado polo Concello.

11. Convidar á representación institucional das administracións participantes aos actos oficiais que se organicen e difundir institucionalmente este sistema cooperativo e municipalista no formato tradicional ou dixital que se estime máis axeitado, facilitando a información de que se dispoña para tal fin

12. Impulsar a colaboración coas universidades, centros de ensino e entidades sen ánimo de lucro para un axeitado desenvolvemento destas prestacións sociais.

13. Cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (RXSP), que lle resulten aplicables.

5.2 Obrigas do Concello

1. Delegar na Deputación a competencia en materia de xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, que se veñen desenvolvendo no CAM de NOMECONCELLO.

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Página	33/70	

2. Prestar a colaboración requirida para que a Deputación execute os compromisos asumidos no presente convenio e, en xeral, en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.

3. Aceptar as seguintes obrigas en relación ao CAM:

- a) Asumir o subministro/servizo e os seus custes relativos ao abastecemento de auga, recollida de lixo, saneamento, así como, calquera outro subministro/servizo de prestación ou de competencia municipal.
- b) Asumir a xestión e custes derivados de subministracións básicas cuxa titularidade conste a nome do Concello ata que se leve a cabo a modificación da entidade titular a favor da Deputación de Lugo na comercializadora ou distribuidora correspondente.
- c) Creación e mantemento de zonas verdes e exteriores do Centro.
- d) Garantir a accesibilidade na contorna do CAM co obxectivo de facilitar a autonomía e mobilidade das persoas usuarias.
- e) Arranxos de pequena incidencia, ben sexan con medio propios ou alleos. Considerarase arranxos de baixa incidencia cando a complexidade técnica sexa baixa (actuacións ou tarefas sinxelas que non requiran especial cualificación) e o prezo de mercado por cada unidade de actuación independente sexa menor a 500,00 € sen IVE, ou cando se realicen por parte do persoal do Concello o material necesario por cada unidade de actuación independente se atope dentro deste límite.

4. Colaboración inmediata e urxente en caso dunha emerxencia ou situación de risco, poñendo a disposición os medios materiais e humanos do Concello aproveitando a súa proximidade ao CAM e, polo tanto, reducindo o tempo de reacción.

5. Colaboración ou invitación para participar en actividades, actuacións, etc., de interese para as persoas usuarias, sen custe para o CAM nin a Deputación de Lugo.

6. No caso de que o Concello sexa o titular do inmovible, asumir todas as obrigas derivadas da mesma.

7. No caso de que o Concello sexa o titular das autorizacións sectoriais (RUEPSS, Rexistro sanitario, industria, etc.), será este o responsable cara ás correspondentes tramitacións administrativas e responsabilidades derivadas. En todo caso, contarase coa colaboración do persoal técnico asignado pola Deputación de Lugo. Cando a norma o permita e a Administración competente o autorice levarase a cabo un cambio de titularidade a favor da Deputación de Lugo.

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	34/70	



8. No caso de que o Concello sexa o titular do inmovible terá a obriga de asumir e levar a cabo coa maior présa posible as actuacións necesarias para dar cumprimento á normativa vixente, co especial mención á normativa sectorial. A deputación de Lugo non asumirá ningún gasto que se derive dun incumprimento normativo tanto no relativo a equipamentos, instalacións e ou obras.

9. As tarefas desenvoltras polo Concello, valoraranse e teranse en conta á hora de determinar o custo da prestación do servizo, para determinar o custe real do servizo, que será tomado como referencia para determinar o prezo público. Esta información será solicitada pola Deputación e deberá ser entregada polo Concello no prazo de 10 días hábiles dende a petición.

10. O Concello comprométese a ter e manter, a súa costa, unha póliza de responsabilidade civil para as actividades que o seu persoal realice no CAM.

11. Dar cumprimento á normativa reguladora de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais que deban utilizarse no desenvolvemento das respectivas actividades as que se comprometen e, especialmente, da utilización dos datos persoais por terceiros de forma non autorizada.

12. Colaborar coa Deputación para cumprir coas determinacións do artigo 53 da amentada Lei 40/2015, RXSP, que lle resulten aplicables.

13. Colaborar coa Deputación para cumprir coa normativa en materia de servizos sociais sociosanitarios.

14. Someter a aprobación do órgano que resulte competente, este convenio marco no prazo máximo de dez días desde que se reciba o acordo da súa aprobación, remitindo á Deputación de Lugo o resultado do mesmo.

SEXTA.- Persoal necesario para o funcionamento do CAM

Tendo en conta o persoal xa existente nos CAMS e de conformidade coa lexislación sectorial de servizos sociais, estarase ao establecido no Anexo I, da Orde de 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, de 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores en materia de requisitos de persoal. En todo caso terase en conta o seguinte:

- a) O Centro deberá contar coa figura dunha Responsable/coordinadora. Esta será nomeada entre o persoal da Deputación con cualificación suficiente, tendo dedicación a xornada completa ao CAM. Deberá traballar de maneira

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	35/70



coordinada cos servizos sociais comunitarios do Concello e da Deputación de Lugo, facilitando en todo momento información sobre o funcionamento do centro e das persoas usuarias que del participen.

- b) A rateo mínima de persoal de atención directa en réxime de xornada completa será de 0,20 por persoa usuaria en módulos destinados á atención de persoas con autonomía e de 0,35 en módulos destinados a persoas dependentes. Para estes efectos, entenderase por atención directa a realizada tanto por persoal xerocultor como sanitario, ou aquel persoal recollido polas instrucións da normativa sectorial.
- c) O Centro deberá contar con persoal de enfermería na seguinte proporción: ratio de 0,02 por persoa usuaria sen dependencia ou en situación de dependencia de grao I e ratio de 0,03 por persoa usuaria en situación de dependencia de grao II ou III. No caso de non ter recoñecida a dependencia, considerarase unha persoa dependente (graos II ou III) aquela cunha valoración Barthel igual ou inferior a 50.
- d) O Centro deberá contar coa figura dunha traballador/a con funcións administrativas, preferentemente a xornada completa.
- e) A Deputación de Lugo proporcionará, como persoal propio desta administración provincial, sempre que a normativa vixente así o permita, persoal de psicoloxía, enfermería, fisioterapia, traballo social, terapia ocupacional, de xeito inicial. Estes perfís poderanse incrementar se así se considerara necesario e sempre que a normativa vixente o permitise. Este equipo interdisciplinar terá unha dedicación do 50%, podendo variar en función das necesidades do centro e do perfil das persoas usuarias do mesmo.

No caso de que a normativa non permitise a dotación de tódolos traballadores/as nomeados como persoal propio, en todo caso, os perfís de obrigada presenza pola normativa sectorial cubriranse a través de contratos administrativos de servizos, nos mesmos termos que o sinalado nos parágrafos seguintes. Esta forma de dar cobertura ao persoal obrigatorio, levarase a cabo de xeito moi excepcional cando concorran causas de forza maior acreditadas.

- f) A atención directa por profesionais xerocultores ou equivalente, así como o persoal de cociña, limpeza e lavandería, manterase na actual modalidade, mediante un contrato administrativo de servizos para dar cobertura ás prestacións do servizo incluídas nas áreas de formación básica e instrumental, área de actividades e programas, así como, de servizos xerais, establecidas no Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	36/70





sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e determínase o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, consideradas como básicas.

- g) Actuacións establecidas como de baixa incidencia, xa relacionadas, o Concello será o competente para realizalas, ben a través de persoal propio, ben a través de servizos externos, obrigándose a determinar unha persoa de contacto do seu cadro de persoal, encargada de atender as solicitudes do Centro.
- h) A Deputación de Lugo contará con persoal cualificado no seu cadro de persoal para levar a cabo as actuacións que non sexan executadas polo Concello en materia de mantemento, establecéndose, inicialmente, un arquitecto técnico e un oficial de oficios varios, podendo ser ampliada en funcións das necesidades e recursos da entidade provincial.
- i) Respecto ao mantemento dos xardíns e espazos exteriores de lecer, o Concello poñerá a disposición persoal de xardinería da propia entidade para que manteña as zonas verdes e colabore cos técnicos da Deputación de Lugo na preparación dos mesmos, para facilitar a realización de obradoiros coas persoas usuarias.

SÉTIMA.- Participación dos servizos sociais no CAM

a) Servizo sociais da Deputación de Lugo

- a) Promoverán a mellora da calidade e a equidade dos servizos, ampliando os ámbitos de traballo e mellorando a capacidade de anticipación.
- b) Darán cumprimento á normativa de aplicación, engadidas as novas ordenanzas, facendo especial fincapé na labor de cooperación e colaboración que se debe prestar aos servizos sociais comunitarios.
- c) Facilitar ao servizos sociais do Concello toda aquela información relativa as solicitudes, resolucións dos expedientes, etc. das persoas empadroadas no Concello da maneira mais dilixente posible, establecendo unha canle de comunicación fluída e efectiva entre Deputación e Concello, sempre que a normativa vixente o permita.
- d) Darán traslado aos servizos sociais do Concello daquelas situacións sociais que concorran con circunstancias excepcionais que poidan derivar nunha situación de risco, abandono ou desamparo para a persoa usuaria e/ou a rede de apoio,

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Página	37/70	

requirindo a intervención social programada, coordinada e conxunta dos servizos sociais.

b) Servizos sociais dos concellos

- a) Darán cumprimento á normativa de aplicación, engadidas as novas ordenanzas, facendo especial fincapé na labor de cooperación e colaboración que debe prestar, cando así se solicite, por parte dos servizos sociais da Deputación.
- b) Facilitar toda aquela información relativa as solicitudes, expedientes, etc. das persoas solicitantes e usuarias dos servizos vinculados ao seu Concello da maneira mais dilixente posible, establecendo unha canle de comunicación fluída e efectiva entre Deputación e Concello.
- c) Colaborar na tramitación do empadramento no Concello, daquelas persoas usuarias que teñan a obriga de solicitar a alta no Padrón municipal, no momento da ocupación efectiva da praza, así como, calquera outro trámite da súa competencia, por ser a persoa usuaria veciña do Concello.
- d) Facilitar toda información relativa ao entorno socio-familiar, así como circunstancias económicas e sanitarias, que repercutan no acceso, adaptación e deseño no Proxecto de Atención Individualizada das persoas usuarias pertencentes ao seu Concello, así como calquera outro trámite da súa competencia.
- e) Terán dereito a ser coñecedores de tanta información sexa precisa para o desenvolvemento das actuacións e intervencións propias dos servizos sociais comunitarios, sempre que a normativa así o permita.

OITAVA.- Sistema de recadación dos ingresos de dereito público derivados dos servizos.

A Deputación Provincial asume a xestión e recadación, en todas as fases e procedementos a aplicar, dos ingresos de dereito público derivados da aplicación das Ordenanzas reguladoras dos prezos públicos pola prestación dos servizos de atención residencial.

Os ingresos obtidos aplicaranse pola Deputación Provincial ao pagamento dos custes a prestación dos servizos de atención a maiores, en execución deste sistema de cooperación interadministrativa.

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Página	38/70	



O Concello delega a competencia do servizo e, polo tanto, a xestión e recadación, en tódalas fases e procedementos a aplicar, dos ingresos de dereito público derivados da aplicación da ordenanza de prezo público que se aprobe por parte da Deputación de Lugo.

A xestión e recadación deste ingreso de dereito público axustarase ás determinacións da Ordenanza reguladoras dos prezos públicos, da Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección da Deputación Provincial de Lugo e das Bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público.

NOVENA.- Réxime económico.

Para establecer o réxime económico estipúlase a seguinte fórmula, en base ao modelo xa existente en aras de dar unha especial protección aos concellos con menor capacidade económica, técnica e xurídica con menos de vinte mil habitantes adheridos ao sistema de xestión directa da Deputación de Lugo:

- a) A Deputación de Lugo asumirá todo o déficit xerado entre o custo efectivo real do servizo e prezo efectivamente pagado polas persoas usuarias, no relativo aos gastos que efectúe de xeito directo.
- b) O Concello asumirá os gastos derivados e recollidos na cláusula quinta no apartado 5.2., tanto no relativo aos gastos correntes, como as inversións que procedan en cada caso.
- c) Fixación do custo do servizo e das achegas por cada parte :
 1. A Deputación como ente responsable da recadación dos prezos e a licitación no seu caso dos contratos de servizos e subministración precisos, e nomeamento do persoal consignará nos seus orzamentos anuais os importes precisos para o sostemento dos servizos.
 2. Dentro dos primeiros tres meses de cada anualidade vencida, a Deputación despois de requirir os datos precisos a cada concello, determinará o custo efectivo real do servizo prestado en cada centro, tendo en conta os medios de todo tipo (material, persoal, servizos) empregado por ambas partes.
 3. Os concellos virán obrigados a dotar nos seus orzamentos anuais as contías precisas para facer fronte ás súas obrigas.

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Página	39/70	

DÉCIMA.- Vixencia do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio é de 4 anos a contar dende a súa formalización, en base ao establecido no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e con efectos económicos dende o 21.06.2026.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Modificación

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

DÉCIMO SEGUNDA .- Extinción e efectos

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 1 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo do Pleno.

DÉCIMO TERCEIRA.- Comisión de Seguimento

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituírse unha Comisión Mixta de Seguimento, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	40/70





Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodárase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

DÉCIMO CUARTA.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

DÉCIMO QUINTA.-Protección de datos

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Página	41/70	

representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

DÉCIMO SEXTA.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014:

“Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre se pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”.

Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo parágrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervenientes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométese a resolver de xeito amigable, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	42/70





Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

CLÁUSULAS ADICIONAIS

I.- Este convenio marco poderase complementar, respectando o seu contido, cun convenio específico atendendo a tipoloxía do centro, a titularidade dos bens, colaboración específica comprometida e a preexistencia de instrumentos colaborativos a extinguir e liquidar.

II.- O convenio específico pode aplicar e mellorar as determinacións deste convenio marco, pero non as poderá empeorar e debe garantir que se mantén o principio de igualdade entre as partes que interveñen, a homoxeneidade nas prestacións, na súa calidade, nas condicións de acceso o nos prezos a pagar, entre outros.

III.- O convenio específico deberá tramitarse e someterse a aprobación dos órganos competentes no prazo máximo dun mes desde a aprobación das ordenanzas únicas de acceso, prezo público e regulamento de réxime xurídico, que procedan.

IV.- Este convenio marco complementará aos actuais convenios marco e específicos que rexen o actual sistema de prestación.

CLÁUSULA FINAL

I.- Tramitación e sinatura deste convenio marco.

O Concello someterá a aprobación do órgano que resulte competente, tendo que dar traslado á Deputación de Lugo no prazo máximo dun mes do acordado.

Unha vez aprobado polos órganos competentes das administracións adheridas, procederase a súa sinatura e, desde esa data de formalización, terá efectos

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	43/70



vinculantes para todas as partes [as administracións] que o asinen, procedendo por parte da Deputación a seguir a tramitación da aprobación das novas normas coa maior celeridade posible.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe.

O PRESIDENTE Asinado: José Tomé Roca

O/A ALCALDE/SA DO CONCELLO DE Asinado:

O SECRETARIO XERAL Asinado, José Antonio Mourelle Cillero

ANEXO I

APROBACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN		
APROBACIÓN POLO ÓRGANO COMPETENTE DO CONCELLO DE	APROBACIÓN DA DEPUTACIÓN XUNTA DE GOBERNO	DATA DA SINATURA DO CONVENIO
A Fonsagrada (Pleno 24.05.2018)	Acordo do 10.04.2018	20.06.2018
Castroverde (Pleno 13.11.2019)	Acordo do 13.12.2019	14.01.2019
Pedrafita do Cebreiro (Pleno 10.05.2018)	Acordo do 13.04.2018	20.06.2018
Pol (Pleno 07.06.2018)	Acordo do 10.04.2018	20.06.2018
Meira (Xunta de Goberno Local 01.04.2019)	Acordo do 17.04.2019	17.04.2019
Navia de Suarna (Pleno 29.06.2020)	Acordo do 05.02.2021	04.05.2021
Ribadeo (Pleno 24.05.2018)	Acordo do 13.04.2018	20.06.2018
Ribas de Sil (Pleno 11.06.2018)	Acordo do 13.04.2018	20.06.2018
Trabada (Pleno 16.05.2018)	Acordo do 10.04.2018	20.06.2018

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	44/70





APROBACIÓN E PUBLICACIÓN ORDENANZA ACCESO SERVIZO E PREZO PÚBLICO

APROBACIÓN POLO ÓRGANO COMPETENTE DO CONCELLO O	PUBLICACIÓN BOP Lugo ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN RESIDENCIA E A ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN DIÚRNA	PUBLICACIÓN BOP Lugo ORDENANZA REGULADORA DO ACCESO AO SERVIZO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL E SERVIZO DE ATENCIÓN DIÚRNA	PUBLICACIÓN BOP Lugo ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN RESIDENCIA E A ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN DIÚRNA
A Fonsagrada (Pleno 06.09.2018) non alegacións	BOP Lugo núm. 278, do 04.12.2018	BOP Lugo núm. 278, do 04.12.2018	BOP Lugo núm. 278, do 04.12.2018
Castroverde (Pleno 10.03.2020) non alegacións	BOP Lugo núm. 158, do 11.07.2020	BOP Lugo núm. 158, do 11.07.2020	BOP Lugo núm. 158, do 11.07.2020
Pedrafita do Cebreiro (Pleno 14.03.2019) non alegacións	BOP Lugo núm. 117, do 24.05.2019	BOP Lugo núm. 117, do 24.05.2019	BOP Lugo núm. 117, do 24.05.2019
Pol (Pleno 23.08.2018) non alegacións	BOP Lugo núm. 271, do 26.11.2018	BOP Lugo núm. 271, do 26.11.2018	BOP Lugo núm. 271, do 26.11.2018
Meira (Pleno 02.08.2019) non alegacións	BOP Lugo núm. 232, do 09.10.2019	BOP Lugo núm. 232, do 09.10.2019	BOP Lugo núm. 232, do 09.10.2019
Navia de Suarna (Pleno 30.03.2022) non alegacións	BOP Lugo núm. 121, do 28.05.2022	BOP Lugo núm. 121, do 28.05.2022	BOP Lugo núm. 121, do 28.05.2022
Ribadeo (Pleno 23.10.2018) (Pleno 31.07.2018)	BOP Lugo núm. 252, do 03.11.2018	BOP Lugo núm. 250, do 31.10.2018	BOP Lugo núm. 250, do 31.10.2018
Ribas de Sil (Pleno 20.05.2019) non alegacións	BOP Lugo núm. 160, do 13.07.2019	BOP Lugo núm. 160, do 13.07.2019	BOP Lugo núm. 160, do 13.07.2019
Trabada (Pleno 17.08.2018))	BOP Lugo núm. 261, do 14.11.2018	BOP Lugo núm. 261, do 14.11.2018	BOP Lugo núm. 261, do 14.11.2018

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	45/70



APROBACIÓN E PUBLICACIÓN REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

<i>APROBACIÓN POLO ÓRGANO COMPETENTE DO CONCELLO O</i>	<i>PUBLICACIÓN BOP REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO INTERNO DO SERVIZO DE ATENCIÓN RESIDENCIAL</i>	<i>PUBLICACIÓN BOP O REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO INTERNO DO SERVIZO DE ATENCIÓN DIÚRNA</i>
<i>A Fonsagrada (Pleno 06.09.2018) non alegacións</i>	<i>BOP Lugo núm. 278, do 04.12.2018</i>	<i>BOP Lugo núm. 278, do 04.12.2018</i>
<i>Castroverde (Pleno 10.03.2020) non alegacións</i>	<i>BOP Lugo núm. 158, do 11.07.2020</i>	<i>BOP Lugo núm. 158, do 11.07.2020</i>
<i>Pedrafita do Cebreiro (Pleno 14.03.2019) non alegacións</i>	<i>BOP Lugo núm. 117, do 24.05.2019</i>	<i>BOP Lugo núm. 117, do 24.05.2019</i>
<i>Pol (Pleno 23.08.2018) non alegacións</i>	<i>BOP Lugo núm. 271, do 26.11.2018</i>	<i>BOP Lugo núm. 271, do 26.11.2018</i>
<i>Meira (Pleno 02.08.2019) non alegacións</i>	<i>BOP Lugo núm. 232, do 09.10.2019</i>	<i>BOP Lugo núm. 232, do 09.10.2019</i>
<i>Navia de Suarna (Pleno 30.03.2022) non alegacións</i>	<i>BOP Lugo núm. 121, do 28.05.2022</i>	<i>BOP Lugo núm. 121, do 28.05.2022</i>
<i>Ribadeo (Pleno 23.10.2018)</i>	<i>BOP Lugo núm. 252, do 03.11.2018</i>	<i>NON TEN</i>
<i>Ribas de Sil (Pleno 20.05.2019)</i>	<i>BOP Lugo núm. 160, do 13.07.2019</i>	<i>BOP Lugo núm. 160, do 13.07.2019</i>
<i>Trabada (Pleno 17.08.2018))</i>	<i>BOP Lugo núm. 261, do 14.11.2018</i>	<i>BOP Lugo núm. 261, do 14.11.2018</i>

APROBACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONVENIO ESPECÍFICO DE COOPERACIÓN

<i>APROBACIÓN POLO ÓRGANO COMPETENTE DO CONCELLO O</i>	<i>APROBACIÓN DA DEPUTACIÓN XUNTA DE GOBERNO</i>	<i>DATA DA SINATURA DO CONVENIO</i>
<i>A Fonsagrada (Pleno 13.11.2018)</i>	<i>Acordo do 30.11.2018</i>	<i>12.12.2018</i>
<i>Castroverde (Pleno 21.07.2020)</i>	<i>Acordo do 31.07.2020</i>	<i>11.08.2020</i>
<i>Pedrafita do Cebreiro (Pleno 12.03.2020)</i>	<i>Acordo do 24.05.2019</i>	<i>10.07.2020</i>

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	46/70





<i>Pol (Pleno 26.10.2018)</i>	<i>Acordo do 30.11.2018</i>	<i>12.12.2018</i>
<i>Meira (Xunta de Goberno Local 12.04.2021)</i>	<i>Acordo do 16.04.2021</i>	<i>22.04.2021</i>
<i>Navia de Suarna (Pleno 28.06.2022)</i>	<i>Acordo do 09.06.2022</i>	<i>30.06.2022</i>
<i>Ribadeo (Pleno 23.10.2018)</i>	<i>Acordo do 02.11.2018</i>	<i>14.11.2018</i>
<i>Ribas de Sil (Pleno 19.01.2022)</i>	<i>Acordo do 26.04.2022</i>	<i>16.05.2022</i>
<i>Trabada (Pleno 24.10.2018)</i>	<i>Acordo do 02.11.2018</i>	<i>14.11.2018</i>

APROBACIÓN E FORMALIZACIÓN I ADDENDA CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN

<i>APROBACIÓN POLO ÓRGANO COMPETENTE DO CONCELLO DE</i>	<i>APROBACIÓN DA DEPUTACIÓN XUNTA DE GOBERNO</i>	<i>DATA DA SINATURA</i>
<i>A Fonsagrada (Pleno 13.01.2022)</i>	<i>Acordo do 28.12.2021</i>	<i>02.03.2022</i>
<i>Castroverde (Pleno 27.01.2022)</i>	<i>Acordo do 28.12.2021</i>	<i>07.03.2022</i>
<i>Pedrafita do Cebreiro (Pleno 27.01.2022)</i>	<i>Acordo do 28.12.2021</i>	<i>07.03.2022</i>
<i>Pol (Pleno 28.01.2022)</i>	<i>Acordo do 28.12.2021</i>	<i>02.03.2022</i>
<i>Meira (Pleno 07.02.2022)</i>	<i>Acordo do 28.12.2021</i>	<i>18.05.2022</i>
<i>Navia de Suarna (Pleno 25.02.2022)</i>	<i>Acordo do 28.12.2021</i>	<i>31.05.2022</i>
<i>Ribadeo (Pleno 28.01.2022)</i>	<i>Acordo do 28.12.2021</i>	<i>23.02.2022</i>
<i>Ribas de Sil (Pleno 19.01.2022)</i>	<i>Acordo do 28.12.2021</i>	<i>17.03.2022</i>
<i>Trabada (Pleno)</i>	<i>Acordo do 28.12.2021</i>	<i>23.02.2022</i>

APROBACIÓN E FORMALIZACIÓN I ADDENDA CONVENIO ESPECÍFICO DE COOPERACIÓN

<i>APROBACIÓN POLO ÓRGANO COMPETENTE DO CONCELLO DE</i>	<i>APROBACIÓN DA DEPUTACIÓN PLENO</i>	<i>DATA DA SINATURA</i>
<i>A Fonsagrada (Pleno 13.01.2022)</i>	<i>Acordo do 28.12.2021</i>	<i>02.03.2022</i>
<i>Castroverde (Pleno 27.01.2022)</i>	<i>Acordo do 28.12.2021</i>	<i>07.03.2022</i>
<i>Pedrafita do Cebreiro (Pleno)</i>	<i>Acordo do 28.12.2021</i>	<i>07.03.2022</i>

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Página	47/70	

27.01.2022)

<i>Pol (Pleno 28.01.2022)</i>	<i>Acordo do 28.12.2021</i>	<i>02.03.2022</i>
<i>Meira (Pleno 07.02.2022)</i>	<i>Acordo do 28.12.2021</i>	<i>18.05.2022</i>
<i>Navia de Suarna</i>	<i>Acordo do 28.10.2025</i>	
<i>Ribadeo (Pleno 28.01.2022)</i>	<i>Acordo do 28.12.2021</i>	<i>23.02.2022</i>
<i>Ribas de Sil</i>	<i>Acordo do 28.10.2025</i>	
<i>Trabada (Pleno)</i>	<i>Acordo do 28.12.2021</i>	<i>23.02.2022</i>

APROBACIÓN E FORMALIZACIÓN II ADDENDA CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN

<i>APROBACIÓN POLO ÓRGANO COMPETENTE DO CONCELLO DE</i>	<i>APROBACIÓN DA DEPUTACIÓN PLENO</i>	<i>DATA DA SINATURA</i>
<i>A Fonsagrada</i>	<i>Acordo do 28.10.2025</i>	
<i>Castroverde</i>	<i>Acordo do 28.10.2025</i>	
<i>Pedrafita do Cebreiro</i>	<i>Acordo do 28.10.2025</i>	
<i>Pol</i>	<i>Acordo do 28.10.2025</i>	
<i>Meira</i>	<i>Acordo do 28.10.2025</i>	
<i>Navia de Suarna</i>		
<i>Ribadeo</i>	<i>Acordo do 28.10.2025</i>	
<i>Ribas de Sil</i>		
<i>Trabada</i>	<i>Acordo do 28.10.2025</i>	

APROBACIÓN E FORMALIZACIÓN II ADDENDA CONVENIO ESPECÍFICO DE COOPERACIÓN

<i>APROBACIÓN POLO ÓRGANO COMPETENTE DO CONCELLO DE</i>	<i>APROBACIÓN DA DEPUTACIÓN PLENO</i>	<i>DATA DA SINATURA</i>
<i>A Fonsagrada</i>	<i>Acordo do 28.10.2025</i>	
<i>Castroverde</i>	<i>Acordo do 28.10.2025</i>	
<i>Pedrafita do Cebreiro</i>	<i>Acordo do 28.10.2025</i>	

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Página	48/70	



<i>Pol</i>	<i>Acordo do 28.10.2025</i>
<i>Meira</i>	<i>Acordo do 28.10.2025</i>
<i>Navia de Suarna</i>	
<i>Ribadeo</i>	<i>Acordo do 28.10.2025</i>
<i>Ribas de Sil</i>	
<i>Trabada</i>	<i>Acordo do 28.10.2025</i>

Dar traslado aos Concellos interesados Castroverde, Fonsagrada, Meira, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Ribadeo, Ribas De Sil e Trabada, para que no prazo dun mes dende a súa recepción, trasladen a esta entidade o acordo do órgano competente relativo á adopción tomada fronte ao o Convenio interadministrativo marco de cooperación entre a Deputación de Lugo e os concellos para consolidar a prestación de servizos sociais nos centros de atención a persoas maiores. Realizar os trámites administrativos necesarios para a execución do obxecto do convenio.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251125&punto=5>

--oo0oo--

6.- PROPOSTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE LUGO EN APOIO ÁS DEMANDAS DA FEGAMP EN RELACIÓN CO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF).

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Página	49/70	

“Logo de ver a proposta de goberno indicada no epígrafe, que di o seguinte:

“A Deputada Provincial D. Iria Castro Fernández, na súa condición de voceira do BNG na Deputación de Lugo e a deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte proposta de goberno en apoio as demandas da FEGAMP en relación co servizo de axuda no fogar (SAF)

Exposición de motivos :

Nestes días a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) recibiu unha proposta da Consellería de Política Social para o incremento do prezo/hora do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) dentro do proceso de negociación aberto. Dita proposta consistiría nunha suba dende os 12 euros/hora actuais ata os 14 euros/hora no 2026, ata os 15 euros/hora no 2027 e ata os 16 euros/hora no 2028.

Diante desta proposta a Comisión Executiva da FEGAMP amosou o seu rexeitamento á mesma, por quedar moi lonxe de resolver o problema actual de financiamento do SAF que padecen os concellos. E sobre as iniciativas a adoptar acordouse responder á proposta da Consellería coa necesidade urxente de subir a 17 euros/hora dende xaneiro de 2025 e abrir unha negociación que resolva antes de rematar o mandato dos concellos o financiamento ao 100% do custo do SAF.

A maiores a FEGAMP solicita unha reunión urxente na que abordar este asunto coa conselleira de Política Social, Fabiola García, a celebrar antes de que se peche o proceso de aprobación parlamentaria dos orzamentos para 2026 da Xunta de Galicia. Xa que dende a FEGAMP achegouse en abril á conselleira un informe actualizado sobre a situación de custos do SAF nos concellos, e nel indicábase que o prezo medio por hora dos contratos adxudicado en 2025 sitúase en 22,72 euros/hora.

E por isto que a FEGAM manifesta que *“Coa proposta recibida da Consellería non se resolve a falta de financiamento do SAF que padecen os concellos, aumentada trala modificación de intensidades establecidas no RD 675/2023 que, atendendo ao número de usuarios e graos de valoración do SAF en Galicia, leva un custo total estimado atendendo ao prezos por hora medio actual que variaría entre os 260 millóns de euros (intensidade mínima en cada grao) e 420 millóns de euros (intensidade máxima en cada grao)”*.

Por todo o exposto con anterioridade, o Goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos e de dar traslado aos mesmos.

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	50/70





Acordos:

1.- Apoiar as demandas económicas e de xestión propostas pola FEGAMP diante da Xunta de Galiza, en relación coa prestación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

2.- Reivindicar diante da Xunta de Galiza e da Administración Xeral do Estado o financiamento íntegro de servizos como o SAF, que segundo a lei, son servizos de competencia non municipal e que só poden estar xestionados de forma delegada atendendo ao principio de equilibrio financeiro.

3.- Solicitar á Xunta de Galiza a creación da comisión mixta Xunta – FEGAMP, para avaliar as condicións nas que se está prestando o servizo na actualidade e adoptar as medidas necesarias para estandarizalo.

4.- Trasladar estes acordos á Consellería de Política Social, Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e ao Ministerio de Derechos Sociales.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251125&punto=6>

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA DE GALICIA QUE ATENDA AS NECESIDADES RELATIVAS Á PROVINCIA DE LUGO INCLUÍDAS NAS EMENDAS PRESENTADAS POLOS SOCIALISTAS NOS SEUS ORZAMENTOS PARA 2026.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe a teor do seguinte texto:

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Página	51/70	

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta de Galicia que atenda as necesidades relativas á provincia de Lugo incluídas nas emendas presentadas polos socialistas nos seus orzamentos para 2026.

Un ano máis, os orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2026, anunciados co triunfalismo habitual, resultan profundamente decepcionantes para a provincia de Lugo. A falta de atención ás reclamacións históricas ten convertido xa en materia de comentario humorístico as partidas nunca executadas. Proxectos como o Porto Seco de Monforte, a VAC Costa Norte e a Rolda Leste entran e saen do debate en función da mercadoría do PP, xunto a outros moitos exemplos na nosa provincia.

Fronte ao descoñecemento das necesidades reais da provincia que revelan os orzamentos, o Partido Socialista reflicte ano tras ano nas súas propostas de emenda un retrato real das necesidades dos lucenses: obras pendentes, promesas incumpridas, sanidade rural sen médicos, escolas sen mestres de apoio e obrigadas a pechar especialidades... A Xunta non achega fondos suficientes, utiliza criterios partidistas, paraliza as obras en función do que lle convén ao PP, e non atende reclamacións que non implican unha achega de cartos significativa.

As emendas propostas polos socialistas abranguen necesidades relacionadas coa rede viaria, coas estradas, coa educación e coa sanidade. Son o mapa detallado dos problemas que sofre a cidadanía lucense, sobre todo a do rural, no día a día. Uns problemas que, fronte á inacción da Xunta, precisan 82 M€ de investimento real, non de promesas. Porque en Lugo falta investimento, falta compromiso e sobra sectarismo e partidismo por parte da Xunta de Galicia.

O Grupo do PSdeG-PSOE na Deputación Provincial de Lugo mantén un decidido compromiso co desenvolvemento da provincia, facendo e reclamando os investimentos precisos con independencia da cor política dos gobernos de Santiago ou Madrid. Por iso, presentamos a presente moción reclamando á Xunta de Galicia:

1. Que estude e atenda as necesidades relativas á provincia de Lugo, incluídas no conxunto de emendas presentadas polos socialistas aos orzamentos da Xunta de Galicia polo Grupo Socialista no Parlamento de Galicia.”
2. Que garanta a execución das partidas orzamentarias prometidas para a provincia.

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	52/70	



3. Que garanta os fondos de 82 millóns de euros, imprescindibles para o desenvolvemento de proxectos locais nos diferentes concellos da provincia en materias vitais como son: sanidade, benestar social, educación e infraestruturas.
4. Que amose sensibilidade ante as reclamacións que non implican unha inxección directa de fondos.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do BNG, preséntase unha emenda de engádegas, do seguinte teor:

“O Grupo Provincial do Bng, propón a seguinte emenda de substitución do punto 1 da proposta de acordos do seguinte texto:

...reclamando á Xunta de Galicia:

1. Que estude e atenda as necesidades relativas á provincia de Lugo, incluídas no conxunto de emendas presentadas aos orzamentos da Xunta de Galicia no Parlamento de Galicia.”

Por parte do Grupo proponente da moción acéptase a emenda presentada, quedando redactada a moción presentada do seguinte xeito:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta de Galicia que atenda as necesidades relativas á provincia de Lugo incluídas nas emendas presentadas polos socialistas nos seus orzamentos para 2026.

Un ano máis, os orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2026, anunciados co triunfalismo habitual, resultan profundamente decepcionantes para a provincia de Lugo. A falta de atención ás reclamacións históricas ten convertido xa en materia de comentario humorístico as partidas nunca executadas. Proxectos como o Porto Seco de Monforte, a VAC Costa Norte e a Rolda Leste entran e saen do debate en función da mercadoría do PP, xunto a outros moitos exemplos na nosa provincia.

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	53/70



Fronte ao descoñecemento das necesidades reais da provincia que revelan os orzamentos, o Partido Socialista reflicte ano tras ano nas súas propostas de emenda un retrato real das necesidades dos lucenses: obras pendentes, promesas incumpridas, sanidade rural sen médicos, escolas sen mestres de apoio e obrigadas a pechar especialidades... A Xunta non achega fondos suficientes, utiliza criterios partidistas, paraliza as obras en función do que lle convén ao PP, e non atende reclamacións que non implican unha achega de cartos significativa.

As emendas propostas polos socialistas abranguen necesidades relacionadas coa rede viaria, coas estradas, coa educación e coa sanidade. Son o mapa detallado dos problemas que sofre a cidadanía lucense, sobre todo a do rural, no día a día. Uns problemas que, fronte á inacción da Xunta, precisan 82 M€ de investimento real, non de promesas. Porque en Lugo falta investimento, falta compromiso e sobra sectarismo e partidismo por parte da Xunta de Galicia.

O Grupo do PSdeG-PSOE na Deputación Provincial de Lugo mantén un decidido compromiso co desenvolvemento da provincia, facendo e reclamando os investimentos precisos con independencia da cor política dos gobernos de Santiago ou Madrid. Por iso, presentamos a presente moción reclamando á Xunta de Galicia:

1. Que estude e atenda as necesidades relativas á provincia de Lugo, incluídas no conxunto de emendas presentadas aos orzamentos da Xunta de Galicia no Parlamento de Galicia."
2. Que garanta a execución das partidas orzamentarias prometidas para a provincia.
3. Que garanta os fondos de 82 millóns de euros, imprescindibles para o desenvolvemento de proxectos locais nos diferentes concellos da provincia en materias vitais como son: sanidade, benestar social, educación e infraestruturas.
4. Que amose sensibilidade ante as reclamacións que non implican unha inxección directa de fondos."

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 11 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	54/70





<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251125&punto=7>

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA DE GALICIA E Á USC O RECOÑECIMENTO DA CAPACIDADE FORMATIVA NO CAMPUS DE LUGO DOS CURSOS CLÍNICOS DO GRAO DE MEDICINA.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe a teor do seguinte texto:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista reclamando á Xunta de Galicia e á USC o recoñecemento da capacidade formativa no campus de Lugo dos cursos clínicos do grao de medicina.

Recentemente as Universidades da Coruña e Vigo, comezaron expresa nos medios de comunicación, que estaban interesadas en abrir novas Facultades de Medicina, nos seus respectivos Campus. A Consellería de Sanidade e Educación reaccionaron convocándolles a unha reunión, onde se acordou a Descentralización dos Cursos Clínicos do Grao de Medicina, isto é, 4º, 5º e 6º, mantendo así a Facultade de Medicina de Santiago, como única en todo Galicia, pero colaborando os outros Campus, na formación dos seus alumnos, durante os cursos anteriormente comentados.

O Campus de Lugo, pertence á Universidade de Santiago, polo que xa estaría representado nesa reunión a través da mesma. Nas Areas de Xestión Integrada da provincia de Lugo, fórmase aos residentes das distintas especialidades médicas que hai en España, polo que hai profesorado o suficientemente cualificado para poder realizar a docencia que implicaría esa descentralización. Entendemos que antes de tomar decisións deberíase ofrecer unha ampla información respecto das intencións destes encontros as administracións locais, as institucións en xeral da provincia de Lugo, ás/aos profesionais sanitarios, aos sindicatos, aos empresarios, aos colectivos sociais e á cidadanía de Lugo, porque teremos algo que dicir ao respecto.

O Campus de Lugo posúe un recoñecemento que se vería apuntoado con esa descentralización e con capacidade `para absorber aos alumnos correspondentes. O principio da equidade educativa para os residentes nesta provincia, estaría así en liña coas normas educativas propostas en distintas ocasións polo Reitorado da Universidade de Santiago, o que á súa vez iría na liña das Consellerías de Sanidade e

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Página	55/70	

Educación de “a implicación de todo o Sistema Sanitario de Galicia , na formación dos estudantes do Grao de Medicina”.

O Grupo do PSdeG-PSOE na Deputación Provincial de Lugo, mantén un decidido compromiso ca defensa, consolidación e desenvolvemento do noso campus universitario, dentro da nosa defensa do ensino superior público. Por iso presentamos a presente moción defendendo a capacidade formativa do Campus de Lugo no eido dos cursos clínicos do Grao de Medicina, e cos seguintes puntos de reclamación:

1. Que pola USC se considere a capacidade do HULA, dos seus profesionais sanitarios e do campus de Lugo, para formar a estudantes no grao de Medicina, nos mesmos termos que se fai coas universidades de Vigo e de A Coruña. E dicir, solicítase á USC o recoñecemento da capacidade formativa do Campus de Lugo nos cursos clínicos do grao de Medicina.
2. Que antes de tomar decisións definitivas neste eido, a Xunta de Galicia e a USC, consulten aos colectivos profesionais implicados, as institucións, a comunidade universitaria e aos representantes sociais de Lugo.
3. Que no marco deste proceso, se garanta o mantemento da personalidade como centro independente da Escola Universitaria de Enfermería do Campus de Lugo no seu proceso de integración na USC.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvareño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251125&punto=8>

9.-MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALIZA AS MEDIDAS URGENTES NECESARIAS PARA A POSTA EN MARCHA DUN

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	56/70





PLAN REAL DE RECUPERACIÓN DO CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO (CIAM).

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A Deputada Provincial, D^a. Iria Castro Fernández, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción para solicitar á Xunta de Galiza as medidas urxentes necesarias para a posta en marcha dun plan real de recuperación do CIAM (Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo)

Exposición de Motivos

Dende o grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego en Lugo denunciámos o abandono ao que o goberno do PP ao fronte da Xunta de Galiza ven sometendo nos últimos anos ao Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM).

A investigación agraria galega foi historicamente referente, incluso a nivel europeo. Dende que no ano 1888 se crease a Granxa Escola Experimental de Galiza e Asturias, na vila de Monelos en A Coruña. Outro fito fundamental veu en 1921 da man da “Junta de Ampliación de Estudios (JAE)” que, coa Misión Biolóxica de Galiza, instalou o seu primeiro centro de Investigación fóra de Madrid.

Despois da refundación do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria (INIA) en 1971, e logo do seu paso por Guísamo, a granxa de investigación que a expansión da cidade botara de Monelos dúas décadas antes, estableceuse nas actuais instalacións de Mabegondo, que conta cunha das melloras parcelas de estudo agrario con máis de 300 has. A creación da raza rubia galega, o primeiro cultivo dos híbridos dobres de millo, a loita fronte a tinta do castiñeiro e moitas outras pragas forman parte dos logros acadados polo CIAM en case 140 anos.

O pasado 4 de novembro, un total de 6 investigadores do CIAM abandonaron o centro despois dunha longa e recoñecida traxectoria investigadora. Aproveitaron o actual concurso de traslados da Consellería de Medio Rural e veñen de abandonar a súa labor investigadora neste centro dependente da Xunta de Galiza e referente na investigación agraria de todo o territorio español, agravando unha falta de persoal e unha conflitividade coa dirección que se prolonga dende fai anos.

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	57/70



Isto deixa ao centro nunha situación moi precaria, pois a falta de investigadores era un problema que xa viña arrastrando o CIAM dende fai anos e que de forma reiterada se puxo de manifesto polo persoal do centro.

A grave falta de cobertura de prazas que sofre o CIAM dende fai anos arrastra moitas dificultades para exercer a labor investigadora, na medida en que moitas liñas de investigación eran unipersoais, o cal dificulta enormemente o acceso a proxectos competitivos, onde normalmente se requiren grupos de investigación consolidados con varias persoas. Así mesmo, as xefaturas de departamento están a desaparecer, sen explicación ningunha ao persoal do centro.

Esta situación non soamente afecta ao persoal investigador, senón tamén ao persoal de laboratorio e máis ao persoal de campo. Isto deu lugar a que, con moita frecuencia, o propio persoal investigador tivese que abordar tarefas de campo para poder manter os proxectos en marcha, ou simplemente para que os animais tivesen os coidados básicos, pois o persoal de campo atopábase sobrepassado polo traballo.

Igualmente preocupante é a presenza no centro de equipamentos de campo e laboratorio totalmente obsoletos, o que transmite unha sensación de abandono e aumenta o risco de accidentes laborais. Sen ir máis aló, recentemente produciuse un accidente laboral grave con unha máquina que non se encontraba en condicións adecuadas. De feito, iso desembocou en que se precintase unha parte importante da maquinaria do centro que tampouco cumpría a normativa.

As fincas dependentes do CIAM están nunha situación parecida ou peor, con instalacións agropecuarias para o gando moi antigas, que non compren as medidas de benestar animal, e coa presenza de diversas deficiencias que parecen abocar, de non corrixiarse a situación, ao peche das mesmas nun futuro próximo. Todas estas novas semellan a crónica dunha morte anunciada, a fin dunha longa decadencia sobre a que non se deu reaccionado, pero da que consideramos que aínda estamos a tempo de reverter.

Por todo isto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes

Acordos

- 1.- Instar á Xunta de Galiza a dotar dos medios e recursos suficientes para poñer en marcha un Plan real de Recuperación do propio Centro de Investigacións

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	58/70	



Agrarias de Mabegondo (CIAM) facilitando a continuidade e a reposición do persoal investigador e técnico.

2.- Demandar da Xunta de Galiza un compromiso real cunha partida orzamentaria que permita renovar e actualizar os equipamentos cos que conta o centro: maquinaria agrícola, instalacións agrogandeiras e medios necesarios para o normal e correcto desenvolvemento do CIAM.

3.- Solicitar á Xunta de Galiza a renovación da xerencia do propio CIAM, a fin de garantir unha xestión transparente e participativa de todos os axentes implicados na correcta xestión do propio centro e de todos os proxectos de investigación e desenvolvemento rural vencellados á labor realizada por todo o persoal do CIAM.”

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados D. José Ángel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Armando Castosa Alvariño, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251125&punto=9>

10.-MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR EN DEFENSA DOS TRABALLADORES AUTÓNOMOS

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial Popular en defensa dos traballadores autónomos.

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Página	59/70	

Exposición de motivos

En España, máis de 3.413.000 persoas cotizan no Réxime Especial de Traballadores Autónomos. Moitos deles son pequenos comerciantes, hostaleiros, profesionais e emprendedores que sosteñen boa parte do tecido económico e social dos nosos municipios.

O Goberno de España anunciou unha nova subida das cotas que deben abonar os traballadores autónomos á Seguridade Social a partir de 2026. Segundo a proposta trasladada polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, as cotas anuais aumentarían entre 200 e 2.500 euros.

Este incremento supoñía un novo golpe ao emprendemento, ao comercio local, aos profesionais liberais e a miles de familias que cada mes sosteñen con esforzo a súa actividade económica.

Sen embargo, ante a enorme presión do sector dos autónomos, dos axentes sociais e do Partido Popular, o Goberno viuse obrigado a rectificar. Esta rectificación, con todo, non impide que o executivo siga trasladando un incremento das cotizacións que haberán de abonar os traballadores por conta propia.

Máis aló do sistema de cotización, moitos dos compromisos do Goberno adquiridos cos autónomos en 2023 seguen sen materializarse. Compromisos que supoñen melloras fundamentais para o colectivo de autónomos nos ámbitos de protección social, pluriactividade, conciliación e simplificación burocrática. Este incumprimento agrava o descontento do sector e reforza a necesidade de que as administracións locais e autonómicas reclamen ao Goberno un calendario claro de desenvolvemento, seguimento e auditoría das reformas prometidas.

Así mesmo, resulta imprescindible que o Goberno de España poña en marcha o réxime de franquía de IVE, mediante a transposición da Directiva europea 2020/285, cuxo prazo de aplicación expirou o 1 de xaneiro de 2025, sendo España dos poucos países da Unión Europea que non cumpriu con esta obriga. Esta medida permitiría que os autónomos e pequenas empresas cunha facturación anual inferior a 85.000 euros quedasen exentos de pagar e declarar o IVE, o que supoñería un alivio directo nas súas cargas fiscais e unha notable simplificación administrativa. Dar cumprimento a esta normativa europea ofrecería un respiro real a miles de profesionais e pequenos negocios que sosteñen o tecido produtivo local.

Desde o Grupo Provincial Popular consideramos que non é o momento de castigar máis ao tecido produtivo, senón de acompañar, facilitar e protexer a quen mantén a actividade económica en momentos de incerteza tanto nas grandes como nas

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	60/70





pequenas e medianas localidades do noso territorio. A Deputación de Lugo non pode permanecer allea a esta ameaza para tantos veciños e veciñas que son autónomos, e debe expresar de forma clara o seu rexeitamento ao inferno fiscal e burocrático que se inflíxiu aos cidadáns desde o Goberno de España e o seu apoio a quen co seu traballo diario sosteñen a economía local.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

1. A Deputación de Lugo manifesta o seu rexeitamento á política fiscal do Goberno de España cara aos traballadores autónomos, que nos últimos 7 anos traducíuse nunha crecente carga impositiva, incerteza e falta de estabilidade normativa.
2. A Deputación de Lugo insta o Goberno de España a cumprir os compromisos adquiridos cos traballadores autónomos en 2023, impulsando de maneira inmediata as reformas pendentes en materia de protección social, pluriactividade, conciliación e simplificación burocrática, e establecendo un calendario claro de seguimento e avaliación de ditas medidas, en diálogo coas principais organizacións representativas do sector.
3. A Deputación de Lugo insta o Goberno de España a aplicar de forma inmediata o réxime de franquía de IVE previsto pola Directiva europea, que permite eximir do pago e a presentación de declaracións de IVE aos autónomos e pequenas empresas cunha facturación anual inferior a 85.000 euros, o que supoñería un importante alivio fiscal e administrativo para o colectivo.
4. A Deputación de Lugo mostra o seu apoio e recoñecemento aos autónomos, pequenos empresarios e emprendedores da provincia, reafirmando o seu compromiso de impulsar medidas provinciais de apoio ao autoemprego, á formación e á dixitalización.
5. Dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, ás asociacións nacionais de autónomos (ATA, UPTA e UATAE), á APE (Asociación Intersectorial e Interterritorial de Autónomos e Pequenas Empresas) de Galicia, á Confederación de Empresarios de Lugo e ás asociacións de comerciantes da provincia.”

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención do señor vicepresidente D. Efrén Castro Caloto, dos señores/as Deputados/as D^a. M^a. del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío, e D^a. Marisol Morandeira Morandeira, representantes do

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	61/70



Grupo Provincial Socialista, e da señora Deputada Dona Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG, acorda informar favorablemente a moción presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251125&punto=10>

11.-MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN DE LUGO A COLABORAR NA MELLORA DA SEGURIDADE DOS PUNTOS PERIGOSOS NAS ESTRADAS EN TRAMOS QUE CONFLÚEN NO CAMIÑO DE SANTIAGO.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial Popular para instar á Deputación de Lugo a colaborar na mellora da seguridade dos puntos perigosos nas estradas en tramos que conflúen no camiño de Santiago.

Exposición de motivos

O Camiño de Santiago é un importante atractivo turístico que, a través das distintas rutas, atrae a moitos peregrinos que visitan a nosa provincia ao longo de todo o ano dinamizando a vida social, cultural e económica en moitos puntos da provincia constituíndo unha fonte de oportunidades, especialmente, no rural.

Ano tras ano aumenta o número de peregrinos. No 2024 incrementáronse nun 12% con respecto ao ano anterior chegando a selarse 499.182 compostelas das que máis do 56% se correspondían con peregrinos que fixeron algunha das rutas oficiais que pasan pola provincia de Lugo (o Camiño Francés, o Primitivo, o do Norte ou o de Inverno).

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	62/70	



Segundo o portal da Oficina do Peregrino, nos dez primeiros meses do ano 2024, Santiago recibía a 484.300 peregrinos dos que 276.325 (o 57,06%) realizaron o Camiño Francés, Primitivo, do Norte ou de Inverno. E nos dez primeiros meses do actual ano 2025, a cifra total de peregrinos ascendeu a 516.593 dos que 285.983 (o 55,36%) fixeron algunha das rutas que pasan pola provincia de Lugo.

Son, polo tanto, moitos os peregrinos que discorren polas distintas rutas do Camiño de Santiago pola nosa provincia que coinciden con tramos de vías de diferente titularidade (municipal, provincial, autonómica ou estatal). E, nalgúns puntos, a confluencia do tráfico rodado coa circulación de peregrinos constitúe un perigo para a seguridade viaria.

Algúns destes puntos que precisan melloras na súa confluencia coas vías titularidade da Deputación de Lugo atópanse entre outros puntos, por exemplo, no:

- Camiño Primitivo:
 - Un tramo común na LU-P-2901 nunha zona sinuosa do Burgo (Lugo) onde a calzada é estreita, con curvas e unha considerable intensidade tráfico a altas velocidades sen que os peóns dispoñan de espazo para apartarse polo que resulta perigosa a coexistencia de vehículos e peregrinos.

Neste caso, convén establecer medidas redutoras da velocidade nas zonas con poboación e buscar, onde sexa posible, o modo de acondicionar unha senda independente para os peregrinos ou acondicionar as cunetas pavimentadas de forma que sexan revasables e que poidan ser empregadas para camiñar con maior seguridade.

- Cruce da LU-P-2901 co cinto comarcal LU-P-1611 no límite entre Lugo e Guntín cunha importante densidade de tráfico onde cómpre mellorar a seguridade.
-

Polo tanto, convén reforzar a sinalización e estudar a implantación de posibles medidas redutoras da velocidade.

- Treito da LU-P-2917 ao seu paso pola parroquia luguesa de Gondar con vía estreita, curvas e unha considerable intensidade de tráfico.

Sería preciso instalar medidas redutoras da velocidade, estudar o acondicionar dunha senda independente para os peregrinos ou acondicionar as cunetas pavimentadas de forma que sexan revasables e que poidan ser empregadas para camiñar con maior seguridade.

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	63/70



- Camiño Francés:

- Treito da LU-P-4001 na zona de Coto no límite de Provincial, onde nesta vía provincial con importante circulación de vehículo conflúe co camiño se ter os peregrinos practicamente espazo para moverse con seguridade.

En vías como esta semella necesario estudar buscar un espazo segregado para os peregrinos ou ampliar a calzada cun espazo practicable para os peóns.

Problemática similar atopamos nas LU-P-5602 na zona de Pitín ou na LU-P-4910 na zona do club náutico de Portomarín, entre outras.

- Camiño do Norte:

- Treito da LU-P-5702 nas inmediacións da capela do Carme en Ribadeo en zona de curvas, sen arcén e con bastante tráfico que fai perigoso o paso de peregrinos pola vía.

Unha proposta para mellorar a seguridade neste espazo é o acondicionamento dun camiño público xa existente co que evitar ese treito da estrada provincial.

- Camiño de Inverno:

- Treito da LU-P-1801 de Líncora a Chantada nunha zona sinuosa.
- Sería preciso mellorar a sinalización e adoptar outras medidas para garantir a seguridade viaria como a instalación de elementos redutores da velocidade para os vehículos ou o estudo de alternativas para separar o tráfico rodado do peonil de forma que os peregrinos non discorran pola calzada.

Isto son só algún dos diversos exemplos que atopamos ao longo das estradas provinciais, ademais ante o incremento constante de peregrinos, agárdase que o próximo ano Xacobeo 2027 aumente, moito máis, o volume de camiñantes polas distintas rutas polo que convén mellorar a seguridade viaria e dos propios peregrinos, por exemplo, a través da construción de camiños paralelos, a creación de alternativas para evitar cruces perigosos ou a mellora da sinalización.

Tendo en conta, ademais, que o Camiño de Santiago forma parte do noso patrimonio cultural, da nosa identidade, da nosa paisaxe e da nosa economía; debe contar co apoio e colaboración de tódalas administracións. Nese sentido, requírese tamén a

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	64/70





colaboración entre as distintas administracións para a mellora das rutas e dos puntos perigosos nos tramos que coinciden coas distintas vías de comunicación, e no caso das vías provinciais quen mellor as pode coñecer e máis pode aportar a este tipo de estudos e traballos de mellora da seguridade, é a Deputación de Lugo como titular das vías. Por este motivo se plantexa a posta en conxunto de estudos e coñecementos entre administracións de cara mellorar a seguridade dos peregrinos que percorren os nosos municipios.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

O Pleno da Corporación provincial insta ao goberno da Deputación de Lugo a:

Establecer as necesarias vías de colaboración coas distintas administracións de cara a mellorar a seguridade nos puntos perigosos do Camiño de Santiago, nos tramos que conflúen coas estradas provinciais ao seu paso pola Provincia de Lugo.”

A Comisión Informativa, por maioría, coa abstención do señor vicepresidente D. Efrén Castro Caloto, dos señores/as Deputados/as D^a. M^a. del Pilar García Porto, D. Francisco Cajoto Caserío, e D^a. Marisol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, e da señora Deputada Dona Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG, acorda informar favorablemente a moción presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 11 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Está ausente no momento da votación o señor deputado do Grupo Provincial Popular José Ángel Santos Sánchez. Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251125&punto=11>

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

12.- DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DOS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DE 2025 RELATIVOS AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DO REAL DECRETO 635/2014 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E DO CONSORCIO

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	65/70



PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

Dase conta dos informes dos meses de xullo, agosto e setembro de 2025 relativos ao cumprimento de prazos do real Decreto 635/2014 da Deputación Provincial de Lugo e do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251125&punto=12>

13.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2025 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010.

Dase conta do informe do terceiro trimestre de 2025 relativo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251125&punto=13>

14.- DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN ECONÓMICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO A 30 DE SETEMBRO DE 2025.

Dase conta da información económica da Deputación de Lugo a 30 de setembro de 2025.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251125&punto=14>

15.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI 2/2012, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA A 30 DE SETEMBRO DE 2025 E PREVISIÓNS A 31 DE DECEMBRO DE 2025.

Dase conta do informe de avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira a 30 de setembro de 2025 e previsións a 31 de decembro de 2025.

O Pleno da Corporación queda enterado.

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	66/70





<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251125&punto=15>

16.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Dase conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao trinta e un de outubro de dous mil vinte e cinco, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 5083 ao 5740, e cuxas copias foron remitidas aos Grupos Políticos Provinciais.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251125&punto=16>

17.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251125&punto=17>

18.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

O Presidente manifesta que foron presentados dous Rogos e dúas Preguntas por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

R O G O S

Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo ó mantemento e limpeza das marxes da estrada provincial LU-P-2902, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

Dentro das visitas ao territorio e o contacto periódico con asociacións e veciños, dende as parroquias de Meilán e Bocamaos, no municipio de Lugo, trasládase a necesidade de mellorar a estrada provincial LU-P-2902 que non dispón de beirarrúas e, ademais, as cunetas están sen limpar acumulando maleza, lama e follas que invaden a calzada.

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Página	67/70	

Tendo en conta que é unha zona habitual de paseo para os veciños e veciñas, cunha alta intensidade de circulación e onde os vehículos circulan a velocidades elevadas, esta situación supón un perigo para a seguridade viaria que se incrementa en épocas de chuvia nas que a auga discorre pola calzada.

Esta situación non se dá unicamente neste caso, senón que se repite en numerosos puntos da rede viaria provincial pola falta de limpeza periódica das cunetas.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

A Deputación de Lugo acometa con urxencia os debidos traballos de mantemento e limpeza das marxes da estrada provincial LU-P-2902 e que desenvolva un plan de revisión e execución dos traballos necesarios para manter limpas as marxes da rede viaria provincial co obxectivo de garantir a seguridade viaria.”

Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, en relación co inmovible Casa Benedicto na Pobra de Navia, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

A Deputación de Lugo inclúe dentro do seu inventario un inmovible coñecido como Casa Benedicto na Pobra de Navia, a capitalidade do municipio de Navia de Suarna.

Durante máis de 18 anos, os gobernos provinciais de PSOE e BNG non fixeron nada por conservar este edificio de tres plantas e, ao mesmo tempo, garantir a seguridade dos transeúntes.

Na actualidade, dito inmovible atópase en estado de deterioro xerando, ademais, mala imaxe no centro do núcleo urbano; un deterioro que continúa poñendo en risco tamén a integridade do propio edificio. Temos coñecemento, ademais, dos anuncios e intencións do Concello de Navia de demoler o inmovible e da polémica e distintas opinións que se suscitaron entre os veciños.

Recentemente, dentro do noso compromiso de manter un diálogo aberto e permanente con tódalas asociacións e veciños da provincia, membros do Grupo Provincial Popular mantivemos unha reunión con representantes da asociación Patrimonio Naviego para escoitar de primeira man as súas preocupacións en relación á Casa Benedicto na que nos comunicaron que ningún membro do goberno provincial

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	68/70





(nin do PSOE nin do BNG) deron resposta aos diferentes escritos dirixidos á institución provincial.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

A Deputación de Lugo reciba e escoite á asociación Patrimonio Naviego para estudar e valorar a posibilidade, entre a Deputación e o Concello de Navia, de darlle novos usos á Casa Benedicto e namentres cumpra co seu deber de conservar a poñer en valor o seu patrimonio e, particularmente, este inmovle.”

PREGUNTAS

Primeira.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa ó acceso a inmoables ou propiedades titularidade da Deputación Provincial de Lugo abertos ó público, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

Ao longo do presente mandato o equipo de goberno tense amosado molesto e ten intentando en varias ocasións impedir que os deputados deste Grupo Provincial accedan a inmoables ou propiedades titularidade da Deputación de Lugo abertas ao público.

Esta situación ten motivado a presentación dunha queixa ante a Valedora do Pobo que, na súa resolución con data de 15 de marzo de 2024, deixaba claro que calquera deputado sen ningún tipo de comunicación ten evidentemente garantido o acceso ás instalacións públicas de libre acceso, xa que accede en igualdade de condicións que calquera cidadán.

Durante as últimas datas deputados do equipo de goberno teñen recriminado ao Grupo Provincial Popular acceder a inmoables destas características sen comunicación previa; algo que a lei, a Valedora do Pobo e o sentido común indican que non é necesario.

Tras unha visita dun deputado do Grupo Provincial Popular ao Museo Provincial, a deputada delegada da Área citou a unha traballadora para recriminar, intimidar e intentar amedrentala, unha conducta que non parece apropiada para un cargo público.

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE		Página	69/70	

Hai que lembrar outras situacións similares, nas que o propio presidente daba ordes ilegais a traballadores que teñen derivado na sanción de 6.000€ imposta a un funcionario por impedir o acceso de autoridades a unha propiedade da Deputación seguindo ordes directas do máximo responsable desta institución.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

O presidente, que desempeña a xefatura superior de todo o persoal da Corporación, vai tomar algún tipo de medida ou vai seguir permitindo este tipo de comportamentos autoritarios e antidemocráticos por parte de membros do seu goberno?”.

Segunda.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa á marxe da estrada provincial LU-P-2801, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

Á marxe da estrada provincial LU-P-2801, no núcleo de Santo Tomé, no municipio de Lourenzá (<https://maps.app.goo.gl/wecUMKkdUMeNWVCr6>) atópase un histórico tapón urbanístico que supón un estreitamento da calzada e a ausencia dunha beirarrúa que garantan a seguridade de vehículos e peóns no entorno.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Consideraría o goberno provincial realizar as intervencións necesarias para suprimir este tapón urbanístico en caso de que os titulares do inmovible estean dispostos a ceder a propiedade co obxectivo de mellorar a seguridade viaria na zona?”

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20251125&punto=18>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as quince horas e sete minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

	IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Fecha y Hora	03/12/2025 15:17:08
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7Q4PI5FFHK77HMSJGQCIROKE	Página	70/70

